

GRAO EN SOCIOLOXÍA  
TRABALLO DE FIN DE GRAO  
CURSO ACADÉMICO 2020/21  
CONVOCATORIA DE XUÑO



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**Traballo produtivo e reprodutivo da muller rural  
galega: comparativa 1970-actualidade.**

Trabajo productivo y reproductivo de la mujer rural gallega:  
comparativa 1970-actualidad.

Productive and reproductive work of Galician rural women:  
comparative 1970-present.

LAURA DIÉGUEZ COSTA  
DIRIXIDO POR: ESTEFANÍA CALO GARCÍA

## RESUMO

Vivir nunha sociedade machista e heteropatriarcal marca, inevitablemente, a vida das mulleres. Historicamente, e baixo a concepción que se tivo sobre as diferenzas entre o xénero feminino e masculino, podemos dicir que unha das máis significativas foi: os homes no espazo público e, as mulleres no espazo privado. Isto tamén influíu na división sexual do traballo. Nun principio os homes eran os que se encargaban do ámbito produtivo, e as mulleres do reprodutivo. En Galicia, por causas bélicas, o fin Franquismo, a II Transición Demográfica, e a emigración, as mulleres víronse obrigadas a traballar no ámbito produtivo sempre, pero tamén debían facer o traballo reprodutivo. Esta investigación realizouse co fin de coñecer e comprender as vivencias das mulleres rurais do centro de Galicia, no concello de Santiso. Mediante a revisión bibliográfica e a posterior realización de entrevistas, establécese una comparativa entre as experiencias, a vida, a educación e o traballo das mulleres que se dedican ó sector primario, na década dos 70 e a actualidade.

**PALABRAS CHAVE:** traballo produtivo, traballo reprodutivo, muller rural, dobre xornada laboral.

## RESUMEN

Vivir en una sociedad machista y heteropatriarcal marca, inevitablemente, la vida de las mujeres. Históricamente, y bajo la concepción que se ha tenido sobre las diferencias entre el género femenino y masculino, podemos decir que una de las más significativas fue: los hombres en el espacio público y las mujeres en el espacio privado. Esto también ha influido en la división sexual del trabajo. En un principio los hombres eran quienes se encargaban del ámbito productivo, y las mujeres del reproductivo. En Galicia, por causas bélicas, el final del Franquismo, la II Transición Demográfica y la emigración, las mujeres se han visto obligadas a trabajar en el ámbito productivo siempre, pero también debían hacer el trabajo reproductivo. Esta investigación se ha realizado con el fin conocer y comprender las vivencias de las mujeres rurales del centro de Galicia, en el ayuntamiento de Santiso. Mediante la revisión bibliográfica y la posterior realización de entrevistas, se establece una comparativa entre las experiencias, vida, educación y trabajo de las mujeres que se dedican al sector primario, en la década de los 70 y la actualidad.

**PALABRAS CLAVE:** trabajo productivo, trabajo reproductivo, mujer rural, doble jornada laboral.

## ABSTRACT

Living in a sexist and heteropatriarchal society inevitably marks women's lives. Historically, and under the conception that has been had on the differences between the feminine and masculine gender, we can say that one of the most significant was: the men in the public space and the women in the private space. This has also influenced the sexual division of labour. At first men were responsible for the productive environment, and women for the reproductive. In Galicia, due to war, the end of the Franco regime, the second demographic transition and emigration, women have always been forced to work in the productive sphere, but they also had to do reproductive work. This research has been carried out in order to know and understand the experiences of rural women in the center of Galicia, in the city of Santiso. Through literature review and subsequent interviews, a comparison is made between the experiences, life, education and work of women working in the primary sector, in the 1970s and today.

**KEY WORDS:** productive work, reproductive work, rural women, double working hours.

## ÍNDICE DE CONTIDOS

1. Introducción.....	5
1.1. Presentación do problema e obxectivos da investigación. ....	6
Obxectivo xeral: .....	6
Obxectivos específicos: .....	6
2. Marco teórico.....	8
2.1. División sexual do traballo .....	8
2.2. O concepto de “dobre xornada laboral” ou “dobre presenza”.....	12
2.2.1. Traballo produtivo. ....	14
2.2.2. Traballo reprodutivo. ....	15
2.3. Galicia. Perspectiva histórica e actual. ....	16
2.3.1. Mercado laboral. ....	19
2.3.2. Educación. ....	24
2.3.3. Familia. ....	26
2.3.4. Estudo de caso: Concello de Santiso. ....	29
3. Hipóteses. ....	31
4. Metodoloxía.....	33
5. Resultados.....	37
Obxectivo: .....	37
Obxectivo: .....	39
Obxectivo: .....	42
Obxectivo: .....	44
6. Conclusións. ....	49
7. Fortalezas e debilidades do traballo.....	52
7.1. Futuras liñas de investigación.....	53
8. Bibliografía.....	55
9. Anexos. ....	60
Anexo I: Metodoloxía ideal. ....	60
Anexo II. Guión da entrevista.....	62
Anexo III. Cuestionario. ....	64

## ÍNDICE DE GRÁFICOS, TÁBOAS E IMAXES

### ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1: Evolución da taxa de actividade 1976-2020 (1º trimestre). .....	20
Gráfico 2: Clase de inactividade no ano 2020 en homes e mulleres. ....	22
Gráfico 3: Índice de fecundidade en España e Galicia. Evolución 1975-2019. ....	27

### ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa I: Evolución porcentual das mulleres que se dedican ó sector primario en Galicia. ....	21
Táboa II: Emprego medio diario do tempo reproductivo. Diferencia entre homes e mulleres. ....	23
Táboa III: Poboación de 16 e máis anos por nivel de formación alcanzado e sexo. Comparativa 2010-2020 .....	26
Táboa IV: Número de habitantes do Concello de Santiso.....	30
Táboa V: Relación obxectivos-hipóteses. ....	32
Táboa VI: Bloques do guión da entrevista. ....	34
Táboa VII: Matriz de categorías. Número de entrevistas realizadas segundo época. ....	35
Táboa VIII: Mulleres entrevistadas que traballaron na década dos 70.....	36
Táboa IX: Mulleres entrevistadas que traballan actualmente.....	36

### ÍNDICE DE IMAXES

Mapa 1: Santiso situado no mapa Galego. ....	29
--	----

## LISTA DE ACRÓNIMOS

IGE: Instituto Galego de Estadística

INE: Instituto Nacional de Estadística.

EPA: Enquisa de Poboación Activa

EET: Enquisa Emprego do Tempo.

CIS: Centro de Investigacións Sociolóxicas

# 1. Introducción.

Tradicionalmente, a división social do traballo, atribuíu ó home a esfera pública, é dicir o traballo fóra do fogar, mentres que á muller atribuíuselle a esfera privada: a realización do traballo doméstico e de coidado das crianzas ou outros familiares (Almendros, 2002). Esta organización social baseada na división sexual do traballo segundo estereotipos sociais, supón a discriminación por razóns de xénero das mulleres, que as limitan e restrinxen profesionalmente tanto nas súas perspectivas como nas súas posibilidades dentro do mercado laboral (Díaz, 2008).

A existencia dunha muller traballadora, pero só dentro do fogar familiar, facía que os roles estiveran perfectamente establecidos e diferenciados. A medida que a sociedade foi evolucionando, a idea de muller traballadora (no ámbito produtivo) comezou a tomar forma en relación a traballos en domicilios alleos, como as costureiras ou lavadeiras Ruíz (2019). Mais, a pesar de que esto supuxo un gran avance na vida laboral da muller, non supuxo un reparto das labores do fogar. O traballo produtivo, deixou de ser cousa única e exclusivamente de homes, pero o traballo reprodutivo continuou sendo só de mulleres. Neste momento, comezou un conflito que a día de hoxe segue sendo visible na nosa sociedade: a dobre xornada laboral que realizan as mulleres (Ruíz, 2019), a cal será analizada detalladamente en seguintes epígrafes.

O movemento feminista foi unha parte importante neste sistema, xa que, gracias ás reivindicacións deste colectivo, conseguiu saca á luz as desigualdades sociais, laborais e familiares ás que se enfrontan as mulleres. A partir da década dos 70, a gran importancia que tiña o feminismo, xunto con outras aspectos como a II Transición Demográfica ou o fin do Franquismo en España, produce un cambio sen precedentes na sociedade. As mulleres poden volver ó traballo despois de que durante corenta anos se lle impuxese o rol de cónxuxe e nai (Nuño, 2010). Ademais, a II Transición Demográfica trae cambios moi importantes na poboación: descende a taxa de fecundidade, aumentan novos tipo de familias, a sociedade sofre un proceso de avellentamento da poboación, etc. No caso galego, existe outro acontecemento que se produciu ó longo de todo o século XX que explica en gran medida a situación laboral das mulleres, a emigración, tanto á América Latina nun principio, como a Europa a mediados/finais do século (Álvarez, 1995).

En Galicia, moitos son os factores que influíron e determinaron a vida das mulleres. Tendo en conta que a mediados do século XX o 80% da poboación galega vivía no rural, e dela, o 90% se dedicaba á agricultura, Galicia era unha rexión rural (Rial, 2009). Pero, se durante o século XX miles de galegos (varóns) emigraron, o número de fillos descendeu e a sociedade estaba cada vez máis avellentada, é lóxico pensar que foron as mulleres as que quedaron como encargadas dese traballo produtivo no sector primario. A implicación laboral das mulleres na produción agrícola dos fogares campesiños foi imprescindible, xa que “a man de obra feminina constitúe unha forza de traballo

sumamente versátil que se adapta ás necesidades de traballo da explotación campesiña” (Capel e Ortega 2007, p.19).

Polo tanto, en Galicia as mulleres desempeñaron, e seguen desempeñando, un papel fundamental nos procesos de desenvolvemento rural. As dificultades e obrigacións ás que se ven sometidas por vivir nun país marcado polo machismo, teñen consecuencias directas sobre a súa propia vida e o seu traballo. Vidas marcadas por dobres xornadas laborais; por unha banda un traballo produtivo no campo, que ben podía ser como “axuda” ó home cando este se encontraba no fogar ou como única traballadora cando o seu marido emigraba; e por outra banda, un traballo reprodutivo que so recaía nelas, e estaban obrigadas a aprender dende ben pequenas. A diferenciación do traballo, o xénero, o tipo de familia na que viven, a educación que recibiron, a realidade do mercado laboral; todas estas cuestións son as que se tratarán nesta investigación, para intentar poñer o foco, e dar visibilidade a situación que viviron, e viven, as mulleres do rural galego.

### **1.1. Presentación do problema e obxectivos da investigación.**

En consecuencia ó anteriormente relatado, expóñense de forma esquemática os obxectivos que estruturan esta investigación. O obxectivo xeral serve de punto de partida para a formulación de catro obxectivos específicos. A través da consecución de todos eles, preténdense extraer conclusións significativas para a investigación.

#### **Obxectivo xeral:**

- Comparar as diferenzas e similitudes da vida e do traballo das mulleres rurais do concello de Santiso, na década de 1970 e na actualidade.

#### **Obxectivos específicos:**

- Determinar a evolución do traballo da muller en Galicia.
- Analizar o concepto de dobre xornada laboral.
- Estudar como influíron os cambios educativos e demográficos na vida das mulleres do rural.
- Coñecer, a través de vivencias persoais, cal e como é (e foi) o traballo que realizan as mulleres de Santiso dunha e outra época.

Para acadar os anteriores obxectivos, este traballo constará de sete partes diferenciadas. A continuación da presente introdución, atópase o marco teórico. A través dunha revisión bibliográfica en torno a estudos previos, buscarase dotar ó traballo cunha información contrastada e de entidade que consiga acadar unha serie de reflexións. En segundo lugar, sitúase a explicación da metodoloxía. Esta, explicada polo miúdo no propio epígrafe, busca darlle un rumbo concreto á investigación, introducindo e explicando os pasos a seguir para a consecución dos obxectivos presentados previamente.

A través dunha comparativa entre a literatura consultada acerca do tema de estudo e o novo enfoque que rexe esta investigación, establécese a formulación de hipóteses. Estas ideas preconcebidas teñen por obxectivo o de servir de mecanismo de contraste co que se estudará posteriormente. É así como se chega á cuarta fase do traballo: a análise de resultados. Logo de obter os resultados froito da aplicación da metodoloxía cualitativa, estes contrastaranse co marco teórico e coas hipóteses mencionadas. Con respecto a estas últimas, o que se busca é probar a súa veracidade ou refutalas.

Para ir rematando, o traballo cerrárase cun apartado de conclusións. Neste, tratarase de condensar toda a información recollida ó longo do proceso, co fin de simplificar as ideas extraídas. E, ó final, farase un balance das fortalezas e debilidades da investigación, ademais de un breve apartado para futuras liñas de investigación.

## 2. Marco teórico.

### 2.1. División sexual do traballo

Dende tempos remotos as diferenzas entre homes e mulleres atribuíronse a cuestións biolóxicas. Estas diferenzas dan lugar, en moitas ocasións, á discriminación do xénero feminino. O concepto de xénero provén do “intento dos feminismos de dar respostas á orixe da opresión feminina, buscando novas categorías e ferramentas analíticas para sacar ás mulleres da categoría de natureza e situalas na cultura como seres socialmente construídos” (Marugán, 2020, p. 200). A conceptualización do xénero foi considerada un dos puntos chave na teoría feminista dende os anos 70, xa que se interpreta como unha ferramenta de análise que é capaz de desvelar ideoloxías sexistas ocultas. Pero, previo ós anos 70, non existía esa conceptualización do xénero, máis iso non foi imprescindible para que en 1949, Simone de Beauvoir na súa obra, *O segundo sexo*, afirmara que *non se nace muller, chégase a selo*. Con esta afirmación, explícase que non existe coincidencia entre a identidade natural e a de xénero<sup>1</sup>, é dicir, a feminidade non debe considerarse un feito determinado pola bioloxía, se non que debe entenderse como unha construción social. Actualmente, Cobo (2005) explica que:

O concepto de xénero refírese á existencia dunha normatividade feminina edificada sobre o sexo como feito anatómico. [...] Esta normatividade feminina repousa sobre un sistema social no que o xénero é un principio de xerarquización que asigna espazos e distribúe recursos a varóns e mulleres. Este sistema social será designado pola teoría feminista co termo de patriarcado (Cobo, 2005, p. 250)

Segundo a explicación ofrecida pola propia Cobo (2005) o concepto de xénero acúñase para explicar a dimensión social e política que se construíu en torno ó sexo. Dito de outro xeito, “ser muller non so significaba ter un sexo feminino, tamén significa unha serie de prescricións normativas e de asignación a espazos sociais asimetricamente distribuídos” (Cobo, 2005, p. 253). Nesta liña, Osborne e Molina (2008) aclaran que o xénero é o resultado de asignar unha serie de características, expectativas e espazos ós machos e ás femias humanos de xeito que quedan definidos como homes e mulleres. Historicamente, esta normatividade deu lugar ós papeis de cónxuxe e nai, cun traballo non remunerado, no ámbito doméstico para o xénero feminino.

Baixo a asignación do xénero feminino ó espazo privado, e do xénero masculino ó público, Carrasco (1992) xa considerara previamente que existían dous subsistemas esenciais<sup>2</sup>: o de produción material e o de reprodución humana. Esta autora considera que calquera sociedade, para lograr a súa perpetuación, require necesariamente reproducir dous elementos básicos: “a especie, por unha parte, e os bens materiais para a súa subsistencia, por outra” (Carrasco, 1992, p.2). Estes dous subsistemas, que a priori poden

---

<sup>1</sup> Termos que foron acuñados posteriormente.

<sup>2</sup> Máis adiante serán explicados detidamente estes conceptos.



parecer elementos autónomos, desenvolven unhas determinadas relacións internas de produción e reprodución, creando a división sexual do traballo. Para entender o fenómeno de división sexual do traballo, debemos entender previamente porque se produce esa situación de opresión, dominación e marxinação do xénero feminino cara o ámbito privado e non remunerado. En relación a isto, Brunet e Santamaría (2015) explican que: “o patriarcado define ó estado de dominación e ós fenómenos políticos globais e dominantes que o caracterizan, como a opresión xenérica das mulleres e o dominio dos homes” (Brunet e Santamaría, 2015, p. 63).

Lener, pola súa parte, en *La creación del patriarcado* (1986) argumenta que o patriarcado é unha xénese histórica elaborada por homes e mulleres nun proceso que tardou case 2.500 anos en completarse. A primeira forma de patriarcado apareceu no estado arcaico, e a unidade básica da súa organización era a familia patriarcal, a cal expresaba e xeraba constantemente as súas normas e valores. A función e a conducta que se consideraba que eran apropiadas a cada sexo viñan expresadas nos valores, nas costumes, nas leis e nos papeis que cada individuo tomaba socialmente. Lener (1986) explica que, en xeral, o patriarcado e a familia patriarcal foron extraordinariamente flexibles segundo á época e os lugares. Pero, o papel que as mulleres tiñan foi similar en todas elas. Entre os homes, a clase estaba, e está, baseada na súa relación cos medios de produción: aqueles que posuían os medios de produción dominaban a quen non os posuía. Pero, ata os homes que soamente posuían a súa forza de traballo eran libres de elixir por si mesmos a quen venderlla. Con respecto ás mulleres, a súa clase está mediatizada polos seus lazos sexuais cun home. A través deles as mulleres podían acceder, ou negábaselles o acceso, ós medios de produción e ós recursos (Lener, 1986).

Enténdese este concepto de opresión e dominación como as “relacións de poder que se encontran bloqueadas e cristalizadas. Cando un individuo ou un grupo social chega a bloquear un campo de relacións de poder, a facelas inmóbiles e fixas, e impedir calquera reversibilidade do movemento estamos ante o que pode chamarse un estado de dominación” (Foucault, 1999, p.711). Por esta razón, o patriarcado non é máis que unha forma de opresión que coloca ó varón por encima da muller, empregando sobre ela un sometemento practicamente inmutable no tempo, e moi difícil de eliminar.

A división sexual do traballo “ten as súas orixes no ámbito familiar” (Kandel, 2006, p. 12). Constitúese co desenvolvemento cada vez máis complexo das sociedades. Tal como Hirata e Kergoat (1997) comentan, a división do traballo entre varóns e mulleres forma parte da división social. Desde un punto de vista histórico, obsérvase que a actual estruturación da división sexual do traballo (traballo asalariado/traballo doméstico) apareceu simultaneamente co capitalismo. A característica principal das relacións de produción patriarcais no capitalismo é que para participar na produción capitalista hai que dispoñer dunha ama de casa que se encargue da produción doméstica (Mora, 2005). Capitalismo e patriarcado constitúen sistemas autónomos de opresión e explotación que se reforzan mutuamente: “existen xuntos e non poden ser entendidos cando son falsamente illados” (Eisenstein, 1979, p. 24). “É o control patriarcal de oportunidades de

emprego, e os baixos salarios que se lle pagan as mulleres, o que as empuxa ó matrimonio, cara a esfera doméstica e á dependencia dos homes” (Brunet e Santamaria, 2015, p. 71).

Abordar a relación que existe nas sociedades occidentais contemporáneas entre as mulleres e o mercado laboral, implica partir dunha premisa que moitas veces se ignora, se enmascara ou se oculta: “as mulleres traballaron sempre” (Kessler-Harris, 2008, p.35). Un recorrido pola historia do traballo feminino en España na época contemporánea corrobora esta afirmación. Non obstante, resulta difícil levar a cabo unha estimación precisa do número de mulleres que participaron no mercado laboral ó longo do século XIX, xa que as únicas fontes dispoñibles son os censos de poboación nos que solo se consideraba traballo “o realizado habitualmente fóra do domicilio e por conta allea” (Nuño, 2010, p.247). Non existen rexistros dunha gran parte dos traballos realizados en sectores como o da agricultura, o comercio, a artesanía e o servizo doméstico.

Segundo Ferreiro (2015) durante a primeira metade do século XIX, o modelo económico predominante na sociedade española era o da economía familiar pre-industrial, na cal a maioría da poboación pertencía ó campesiñado e ás clases artesanais. Esta autora explica que “as actividades laborais das mulleres se desenvolveron fundamentalmente na agricultura, nos servizos a domicilio e no comercio gremial” (Ferreiro, 2015, p. 9). Durante este período e grazas a modernización económica do país, impulsada ademais por diversas reformas lexislativas, propiciou a industrialización e a paulatina incorporación feminina ó traballo asalariado.

O traballo feminino era considerado como secundario, de maneira que as mulleres que pertencían ás clases sociais máis baixas eran as que traballaban para contribuír á economía familiar, mentres non encontraban marido, ou incluso despois do matrimonio, se o soldo do home non era suficiente para manter á súa muller e crianzas. A actividade económica das mulleres encontrábase condicionada fundamentalmente pola súa clase social e o seu estado civil (Nuño, 2010, p. 249). Ademais, é necesario facer fincapé en que o acceso das mulleres ó mercado laboral non seguiu unha progresión uniforme e lineal ó longo do tempo. Seguindo a Nuño (2010) dende o último tercio do século XIX ata a actualidade, podemos diferenciar tres etapas:

Unha primeira etapa (1877-1940) que estivo marcada pola paulatina retirada das mulleres que se foran incorporando ó mercado laboral<sup>3</sup>. Nesa época a dedicación exclusiva das mulleres ás tarefas do fogar era símbolo de prestixio social: “[...] nas clases sociais máis acomodadas e naquelas profesións máis lucrativas, o traballo das mulleres recibíuse como una afrenta inxustificable ó honor familiar e a boa orde social” (Nuño, 2010, pp. 257-

---

<sup>3</sup> Segundo Medina (2014) a figura da muller traballadora non xorde no século XIX coa Revolución Industrial, se non que é un rol que xa existía moitos anos atrás, xa que a maior parte das mulleres sempre levaron a cabo certos traballos dentro do esquema da familia protoindustrial. Pero, si que é certo que, despois da I Revolución Industrial, cada vez máis mulleres saíron do ámbito do fogar para traballar nas fábricas ou nos traballos de *cuello blanco* (Medina, 2014), e pouco a pouco “o mundo do traballo feminizouse fortemente durante o século XIX” (Groppo, 2000).

258). Polo tanto, só se toleraba o traballo produtivo das mulleres nas clases sociais máis baixas, e se se facía por necesidade. Faise importante nesta primeira etapa facer referencia ó período que comprende a Guerra Civil española (1936-1939), durante a cal (como pasou en todos os conflitos bélicos ó longo da historia) a muller volve ó traballo produtivo “con obxecto de cubrir as vacantes na industria dos varóns mobilizados na guerra” (García, 1991, p. 5). Sen embargo, ó finalizar dita guerra, as mulleres foron expulsadas do traballo fabril e o réxime franquista impulsou un férreo modelo de divisións sexual do traballo, articulado sobre o ideal decimonónico da muller nai e cónxuxe. Así, o Foro do Traballo do 9 de marzo de 1938 prohibía o traballo nocturno das mulleres e nenos e o compromiso do Estado de “liberar á muller casada do taller e da fábrica”.

A segunda etapa (1940-1981) supuxo unha moderada e progresiva incorporación das mulleres ó ámbito asalariado, especialmente a partir dos anos sesenta. Neste período prodúcese un forte incremento do sector servicios o cal posibilita o acceso das mulleres a empregos de maior cualificación (Ferreiro, 2015, p.11). Estes empregos están relacionados unicamente con certos sectores, como son a ensinanza, a sanidade, a banca, o comercio e as oficinas, e tamén, a incorporación significativa de mulleres no ámbito público. Nuño (2010) fai fincapé en que segue persistindo a segregación ocupacional, a discriminación salarial e a consideración social do traballo das mulleres como unha axuda familiar previa ó matrimonio, polo que moitas delas abandonan o mercado laboral ó casar ou o ter ó primeiro fillo.

A terceira etapa (1981-2008) caracterízase pola incorporación masiva das muller ó mercado laboral de traballo. Cobra importancia nesta etapa a transformación do perfil profesional da actividade feminina, ó incrementarse a cualificación e a diversificación dos empregos ocupados por ditas mulleres. Isto é consecuencia da modernización económica, política e cultural que tivo lugar en España tras o fin do Franquismo e a partir da transición. Deste xeito, o traballo da muller deixouse de ver como unha “axuda” á economía familiar, e mutou ata converterse como nun elemento imprescindible na autonomía e no desenvolvemento persoal das mulleres (Nuño, 2010).

Diversos autores explican que, a pesar das entradas e saídas das mulleres no espazo produtivo, existe un traballo de coidado do que elas sempre se fixeron cargo, o cal se encontra no espazo privado. Llinares (1998) comenta que “a maior parte das mulleres presentes no mercado de traballo desempeñan simultaneamente tarefas domésticas, a chamada -dobre xornada-”.

Enténdese así que existen dous espazos, o público e o privado, os cales se articulan en relación a unha clara diferenza: home-espazo público versus muller-espazo privado. A separación de ambos espazos que podemos definir como opostos e complementarios deu lugar á segregación das tarefas para o funcionamento das novas sociedades que se organizaban en función do xénero. Deste xeito, quedan claramente definidas e delimitadas as funcións de homes e mulleres: os primeiros encárganse do traballo produtivo e as segundas do traballo doméstico-reprodutivo (Ferreiro, 2015).

Tal e como se puido ver tras o exposto, o xénero e a concepción social que se ten en torno a este marca o tipo de traballo que están obrigadas a realizar as mulleres. Aplicando as anteriores explicacións ó tema da investigación, e seguindo a Nuño (2010), as mulleres, dependendo da época da que se estea a falar, foron entrando e saíndo do mercado laboral (ámbito público) segundo as necesidades da economía e da sociedade dese momento. Pero, “o traballo reprodutivo no fogar segue sendo asumido fundamentalmente polas mulleres” (Larrañaga, et. al, 2004, p. 31), de xeito que viven obrigadas á realizar unha dobre xornada laboral.

## 2.2. O concepto de “dobre xornada laboral” ou “dobre presenza”.

O feminismo influíu na análise económica dende os anos 1970, e a súa contribución inicial seguiu o método que Harding (1986) denominou “engada mulleres” e que Hewitson (1999) complementa como “engada mulleres e revolva”. É dicir, engadir datos sobre as mulleres ás teorías existentes, para intentar analizar e posteriormente transformar a situación que viven estas en relación ó mercado laboral. Conseguiuse así darlle visibilidade ás mulleres no mundo económico, pero non se logrou superar o sesgo androcéntrico que caracterizaba a análise tradicional de división por xénero do traballo nin, por suposto, responder a moitas das cuestións formuladas polo feminismo<sup>4</sup>.

Para entender o contexto no que se encontraron, e se encontraron, as mulleres no mercado laboral, e a súa dobre xornada laboral, faise importante explicar previamente un concepto para chegar a entender as diferenzas de xénero que se foron producindo ó longo dos anos. Podemos entender que a economía feminista é:

Unha corrente de pensamento económico heterodoxo que fixo énfase na necesidade de incorporar as relacións de xénero como unha variable relevante na explicación do funcionamento da economía e da diferente posición de homes e mulleres como axentes económicos e suxeitos das políticas económicas (Ferber e Nelson (2003) citado por Berger, (2008, pp. 13-14)).

Pérez (2005) propón agrupar as distintas perspectivas que se encontraron dentro da economía feminista baixo una triple categorización: a economía do xénero, a economía feminista da conciliación e a economía feminista de ruptura. Pero, en xeral, enténdese que a economía sempre foi unha materia creada por homes para explicar as súas propias experiencias. Esta baseouse na usurpación ás mulleres da súa condición de suxeito capaz de crear coñecemento, negándolle así a súa condición de axentes economicamente activos. Polo tanto, entendemos que a economía se caracteriza por una distinción clara: económico/non económico, que á súa vez podemos explicar como traballo/non traballo.

---

<sup>4</sup> Ver *La aparición de la economía feminista* (1999) de Lourdes Benería ou *Ensayos sobre el papel de la mujer en la economía, educación y desarrollo. Cap. 2* (2012) de Eugenia Perona para coñecer máis a fondo algunhas das cuestións plantexadas polo feminismo.

Os estudos feministas foron os que comezaron a discutir as categorías marxistas tradicionais de traballo produtivo e reprodutivo (Garazi, 2016). De esta forma, retomouse a clásica distinción realizada nos anos 50 por Hannah Arendt (2012) en torno ós conceptos de *work* (traballo) e *labor* (labor). Esta autora definiu labor como a actividade correspondente ó proceso biolóxico do corpo humano, e *work* como a actividade que corresponde ó non natural da existencia do home. A distinción entre labor e *work* obsérvase, polo tanto, en cada unha das actividades que un individuo produce. Mentres que os produtos do traballo *ou work* permanecen, son obxectos de uso duradeiros, os produtos da *labor* son non duradeiros pero son os que aseguran ós individuos os medios para a súa propia supervivencia (Arendt, 2012). Neste sentido, *work* faría referencia ó traballo produtivo que realizan os homes e labor refírese ó traballo reprodutivo que realizan as mulleres.

Recoñécese a Balbo (1978) citada por (Cubillos e Monreal, 2019) como pioneira na formulación do concepto “dobre presenza”. Esta socióloga contextualiza a súa reflexión na sociedade capitalista e a condición das mulleres adultas a partir da II Guerra Mundial. Cabe destacar que, as mulleres de mediados do século XX, durante a II Guerra Mundial, realizaban o traballo doméstico e, ademais, tiveron a oportunidade de traballar na esfera produtiva pola falta de homes, os cales estaban na guerra. Autoras como Friedan (1963) fixeron especial atención a este tipo de situacións. Esta autora reivindicou a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres en todos os ámbitos pero, en especial, reivindicaba o dereito das mulleres ó traballo, a un traballo indefinido independentemente da súa idade, e que non estivese marcado polo estado civil destas. Friedan (1963) considera que a mística da feminidade é un modelo educativo difundido como o paradigma imperante despois da mencionada II Guerra Mundial, o cal proclama a volta das mulleres ó fogar como o lugar onde estas poden realizarse realmente.

Este dobre traballo que realizaron neste período non foi único no tempo xa que durante a emigración e todas as confrontacións bélicas, as mulleres estiveron obrigadas a entrar na esfera pública, e realizar ó mesmo tempo outro traballo na privada. A comezos do século XXI logra consensuarse o concepto de “dobre presenza” como a exposición ás esixencias da combinación diaria e simultánea do traballo produtivo e do traballo doméstico familiar (Torns, Carrasquer y Borrás, 2000). Aínda que o concepto “dobre xornada” alude á existencia da dobre carga de traballo, este concepto sinala que tanto o traballo<sup>5</sup> como a familia<sup>6</sup> xeran demandas que ocorren ó mesmo tempo e que se sobrepoñen entre si (Moreno, 2010).

Picchio (1992), pola súa parte, plantexa que para comprender as características xerais e persistentes do traballo asalariado debemos investigar o lado oculto do traballo das mulleres, referíndose desta maneira ó traballo de reprodución, habitualmente definido como traballo doméstico. É importante recalcar que o traballo de reprodución ou doméstico é o factor que explica o emprego feminino. Deste modo, o traballo da

---

<sup>5</sup> Entendido como traballo produtivo.

<sup>6</sup> Entendida como traballo reprodutivo.

reproducción pon sobre a mesa o problema da división sexual do traballo e o da relación entre o que se entende como esfera da produción de bens e servizos no mercado e a denominada esfera da reprodución social (Picchio, 2005).

A separación destas dúas esferas non só restrinxiu a vida das mulleres na sociedade, reducindo as súas posibilidades de actuación ós límites do espazo doméstico, se non que supuxo “a representación no imaxinario colectivo dunha determinada identidade feminina, dunha forma de sentir e actuar por oposición á masculina” (Ferreiro, 2015, p.13). Nuño (2010) argumenta que a relación público-privado foise tecendo con lóxicas opostas; mentres que a esfera pública se definiu como “o ámbito da imparcialidade e do recoñecido social e político”, a esfera privada configurouse como “o universo de parcialidade, de particularidade, da ética do coidado e do politicamente irrelevante” (Nuño, 2010, p. 38). Como vimos, a división entre o público e o privado amparouse nunha concepción ideolóxica e cultural baseada no xénero e que lexítima a desigualdade e a subordinación das mulleres.

Para concretar a diferenza entre as dúas esferas, pública e privada, e a relación que estas teñen cos distintos tipos de traballo ós que cada unha está asociado, a continuación defíniranse tanto o concepto de traballo produtivo e a súa relación coa esfera pública, como o concepto de traballo reprodutivo e a relación que o une á esfera privada.

### **2.2.1. Traballo produtivo.**

O concepto de traballo produtivo apareceu durante o século XIX cando pensadores da economía clásica definiron “o valor e riqueza en función do traballo incorporado nas mercancías” (Garazi, 2016). Autores como Smith (1996) estableceu unha distinción entre traballo produtivo e improdutivo. Para Smith o traballo produtivo era aquel que creaba valor, e o traballo improdutivo eran aquelas actividades que non se materializaban en obxectos, tales como o traballo que realizaba un criado, por exemplo. Marx (1992) pola súa parte, entendeu o traballo produtivo (no contexto capitalista) como o traballo asalariado que, ademais de reproducir a propia forza de traballo, producía plusvalía para o capitalista.

No século XIX co proceso de Revolución Industrial, créase por primeira vez unha división entre a esfera pública e a esfera privada (Vera, 2001). O varón é asignado ó ámbito público, adquirindo o espazo privado un significado de descanso, disfrute e afastamento da vida pública para este (Vera, 2001). Actualmente, segundo o Ministerio de Agricultura, alimentación e medio ambiente, comprendemos por traballo produtivo aquel que:

Con carácter mercantil, comprende todas as actividades destinadas á produción de bens e servizos, é dicir, aquelas actividades que non son realizadas de forma gratuíta, se non a cambio de algún tipo de remuneración, e teñen lugar no ámbito do espazo público. Polo tanto, trátase dun tipo de traballo que está dotado de valor

económico, é visible, e recoñecido socialmente. O traballo produtivo foi asignado tradicionalmente ós homes (Medio rural: trabajando en femenino, 2013, p. 22).

### **2.2.2. Traballo reprodutivo.**

Larrañaga, et. al (2004) definen traballo reprodutivo como aquel que está destinado para satisfacer as necesidades da familia. Está integramente relacionado ó espazo privado, primordialmente á esfera doméstica, razón pola que din que en ocasións se define tamén como traballo doméstico ou familiar. Nesta liña, Carrasquer, et. al. (1998) explican dúas características propias deste tipo de traballo: non ter remuneración mediante un salario, e que o traballo reprodutivo é eminentemente feminino e permanece invisible incluso para quen o leva a cabo.

Según Campillo (2000) o traballo doméstico defire do traballo produtivo, non só polo feito de que non é remunerado, se non pola natureza que asume o proceso de xerar bens e servizos para que os consuman os membros do fogar sen pasar polo mercado. A forma na que se organiza pode ser distinta dependendo de cada caso, pero en xeral defínese por non ser unha división de tarefas fixas e ter horarios flexibles, dependendo das oportunidades de manexo do tempo e das preferencias de quenes reciben o servizo de ese traballo.

Segundo Oakley (1974) o traballo doméstico non se concibe como un tipo de traballo en si. O problema principal co que nos atopamos é que o traballo reprodutivo non está, en moitas ocasións, explicado como traballo real. É dicir, non se considera traballo polo feito de que non se obtén unha remuneración económica por facelo, e isto explica que se trate como un traballo invisible. Brunet e Santamaría (2015) explican que as mulleres se dedican ó traballo doméstico e de coidados non porque estean máis capacitadas naturalmente para el, se non porque ese é o rol que impón a división sexual do traballo nas sociedades patriarcais, capitalistas e antropocéntricas. De acordo con Castells (1997) e Vázquez, Cárcamo e Hernández (2012), o anterior relaciónase coa atribución natural que se fai ás mulleres como posuidoras de características como a fertilidade, a delicadeza e a capacidade de coidar a outros. Daros (2014) explica que estas atribucións ó feminino contaron historicamente con valoracións secundarias ou de menor importancia, comparadas coas atribucións dos homes, os cales contan con unha valoración social superior.

Polo tanto, existen dous tipos de traballo, o produtivo e o reprodutivo. Historicamente cada un destes foi asignado a un xénero e a unha esfera. O traballo produtivo foi asignado ó home, sitúase na esfera pública e leva consigo un salario. O traballo reprodutivo está integramente relacionado coas mulleres, sitúase na esfera pública e non se percibe un salario por el. Parece que, en pleno século XXI, as mulleres seguen a encontrarse atrapadas entre dous espazos. Son elas quen afrontan case en exclusiva os problemas que plantexa a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, circunstancia que se traduce na pervivencia das denominadas dobres xornadas, é dicir, o desempeño de un dobre rol. A

dobre xornada, ou “dobre presenza”, enténdese entón como o fenómeno que ocorre cando unha muller, ademais de realizar o traballo produtivo, está obrigada a estar dispoñible para realizar o traballo reprodutivo. Esta situación ocorre, como vimos, pola concepción social que se ten en torno ó xénero e as tarefas diferenciadoras que existen en torno a este. Pero, existe tamén, porque as mulleres, ó longo da historia foron incorporándose ó mercado laboral segundo as necesidades que este tiña, e esta situación propiciou, inevitablemente, que se visen obrigadas a traballar en dous lugares á vez.

### **2.3. Galicia. Perspectiva histórica e actual.**

Co fin de establecer unha análise comparativa entre a situación, vida e traballo das mulleres rurais galegas, tómase Santiso como espazo de análise. E, previamente, faise necesario contextualizar a situación feminina en canto ó medio xeográfico, económico, social e cultural no que se encontra a comunidade autónoma á que pertence este concello.

Segundo Rial (2009) Galicia foi unha das rexións con un crecemento máis notorio na España da Idade Moderna. A mediados do século XVIII, esta rexión posuía 1.300.000 habitantes, o que a convertía nun dos territorios máis densamente poboados da península, e cando en 1860 se publicou en España o primeiro “censo moderno”, a densidade de poboación duplicaba a media española. Do total desta poboación máis do 90% vivía no campo, e baseaba a súa subsistencia no cultivo de terra e a cría do gando. Actualmente, Galicia posúe 2.701.819 habitantes, o saldo vexetativo é negativo e, ademais dunha perda constante de poboación, destaca o avellentamento que sofre a poboación, situándose en 47,24 anos a media de idade (INE).

A estrutura da propiedade, é un rasgo a destacar en Galicia. O predominio absoluto do minifundio<sup>7</sup>, que se agrava por unha microparcelación do terreo de cultivo, comprometía o sustento das familias, xa que as terras que posuían resultaban ser insuficientes (Rial, 2009). Nesta liña, enténdese que “o minifundismo é unha das características estruturais e crónicas que máis temos que ter presentes ó falar do agro galego, conformada pola súa propia orografía, como polos sistemas de herdanza e explotación familiar” (Docampo, 2003, p. 214). Ademais, en moitos casos as familias non ostentaban a plena propiedade da maior parte das terras que traballaban, polo que estaban obrigadas a pagar unha porcentaxe dos bens conseguidos co seu traballo ós donos reais das fincas. Dadas as deficiencias ás que estaba sometido o sistema agrario galego e a debilidade das explotacións, moitas desas familias que só se dedicaban a tarefas de gandaría e agricultura víanse obrigadas a complementar a súa xornada laboral con outras actividades, sobre todo artesanais, aínda que tamén comerciais e de servizos (Rial, 2009).

---

<sup>7</sup> O minifundio é unha pequena extensión de terra onde se desenrola unha actividade agrícola e/ou gandeira. Caracterízase por contar con poucas hectáreas, aínda que, non existe un estándar universalmente aceptado para determinar a extensión máxima para que unha explotación agrícola entre dentro de esta categoría, esto varía de acordo á rexión.



Rial (2009) comenta que en Galicia a mobilidade masculina foi unha estratexia fundamental para aliviar a presión da poboación sobre os recursos. A emigración tanto cara América Latina como cara Europa, foi un proceso moi importante na vida dos galegos (Álvarez, 1995). A intensidade e a persistencia coa que sucedeu este proceso, resulta fundamental para comprender todas as claves do funcionamento desta sociedade. Independentemente do tipo de emigración, esa mobilidade era produto da acción combinada de factores de expulsión demográficos, económicos, sociais, culturais e persoais, que se foron producindo de distinta forma e intensidade dependendo da provincia da que se estea a falar. Por seguir o exemplo marcado por Rial (2009), “no ano 1762 case a quinta parte dos varóns solteiros estaba ausente no momento do reconto, sen dúbida algúns para eludir o reconto, pero moitos afastados das súas familias para «buscar a súa vida» e axudar á economía familiar” (p. 81). Deste xeito, xunto a miles de mulleres solteiras, casadas e viúvas, Galicia tamén foi a terra das “viúvas de vivos<sup>8</sup>”, mulleres de homes ausentes que permaneceron ó fronte da explotación campesiña para que os seus maridos puidesen emigrar (Rial, 2009). No Antigo Réxime a autonomía xurídica das mulleres dependía directamente do seu estado civil, e a condición de casadas inhabilitábaas legalmente para calquera práctica, pero a emigración á que se viu forzada a sociedade galega, arrastrou consigo unha profunda desagregación familiar, e axitou o entramado legal que sancionaba a personalidade xurídica subordinaba das mulleres casadas (Rial, 2009).

En relación ó ámbito xeográfico, López (2019) explica que a mediados do século XX Galicia era aínda unha sociedade cun acusado predominio rural e cun medio rural esencialmente agrario. Resumido en dúas cifras, “en 1950, segundo o censo de poboación dese ano, o 80% da poboación vivía no medio rural e dela o 90% traballaba na agricultura; o que facía que máis do 70% da poboación ocupada total tivera a súa actividade exclusiva ou principal no sector agrario” (p. 2). Pero estes datos cambiaron nos últimos 50 anos. Por exemplo, as áreas rurais de Galicia sufriron un declive económico e demográfico, polo que Galicia xa non é unha sociedade rural como tal, porque “aínda que a maior parte do territorio (máis de un 80%) sexa rural, so está habitado por pouco máis do 25% da poboación galega” (López, 2019, p.2). En canto a este concepto de rural, e como medilo, este mesmo autor explica que:

Que rural xa non é só nin principalmente agrario compróbase tamén noutros indicadores, como a estrutura sectorial do PIB, as fontes de renda dos residentes e mesmo a utilización do espazo. Neste último aspecto, os agricultores só xestionan actualmente en Galicia o 29% do territorio, e unicamente o 21% está dedicado a cultivos e pastos. Do restante 71%, o 41% son terras forestais ou abandonadas en mans de propietarios non agricultores, 23% pertence a

---

<sup>8</sup> Otilia Seijas (1989) escribiu un libro con este título, xa que ese nome é usado popularmente na Galicia rural, dende o século XIX, cando miles de homes se viron obrigados a emigrar. Rosalía de Castro, no poemario *Follas novas* (1880) tamén titula un dos seus poemas como: *As viúdas dos vivos e as viúdas dos mortos*.

comunidades de Montes Veciñais en Man Común, e queda un 7% dedicado a usos urbanos, vías de comunicación e outros terreos non agrarios (López, 2019, p. 7).

En Galicia, segundo foi pasando o tempo, foi evolucionando tamén a diferenciación entre rural e urbano. De feito, actualmente esta comunidade está marcada por unha gran heteroxeneidade que Fernández e Peón (2017) configuran como tres Galicias rurais diferentes:

- As áreas rurais do eixo atlántico e outras comarcas periurbanas: dominadas pola influencia dos mercados de traballo urbanos, caracterízanse por densidades de poboación relativamente elevadas e un importante dinamismo demográfico.
- A Galicia central ou interior: comarcas cunha base agraria, en especial gandeira, relativamente sólida, acompañada en moitos casos da presenza de cabeceiras comarcais de certa dimensión.
- As zonas de montaña das Serras Orientais de Lugo, metade oriental e sur de Ourense e a Dorsal Galega: zonas onde se constata un despoboamento máis acentuado e dificilmente reversible asociado á extrema debilidade da súa base económica-productiva.

Galicia sufriu unha evolución, pasando de ser rural practicamente na súa totalidade a distinguir tres Galicias. Durante esta evolución, tanto a poboación como a economía tamén sufriron cambios. En canto á poboación, e seguindo os datos ofrecidos polo IGE, actualmente Galicia é unha das comunidades coa densidade de poboación máis baixa (situándose en 91,4 hab/km<sup>2</sup>), e esta está tremendamente avellentada, xa que a idade media no 2020 sitúase en 47,48 anos e a esperanza de vida é de 83,82 anos. No caso da economía e o tipo de actividade predominante, o sector primario ó longo da segunda metade do século XX pasou de contar con máis do 60% dos activos da comunidade a ter un valor actual por baixo do 20% (Docampo, 2003). Este valor aínda é máis preocupante para o ano 2020, xa que se sitúa en 6%<sup>9</sup>. Por estes motivos, é interesante estudar en que lugar quedaron as mulleres do rural galego, e como é o traballo que realizan actualmente.

Millán, et. al. (2015) fan fincapé en tres cambios que puideron dar lugar á dobre xornada laboral das mulleres es España. Primeiro, no mercado laboral español incrementouse a taxa de actividade feminina en 25 puntos en case 45 anos (de 28,33% no primeiro trimestre de 1977 a 53,03% no mesmo trimestre de 2020); segundo, no sistema educativo a taxa de escolaridade das mulleres é superior en case todas as idades á dos homes, incluíndo a educación universitaria, excepto nas carreiras técnicas; terceiro, a diminución do índice de fecundidade (de 2,7 fillos na década dos 70 a 1,24 no 2019). Faremos a continuación unha análise máis exhaustiva destes tres ámbitos para observar as posibles diferenzas entre os anos 70 e a actualidade.

---

<sup>9</sup> Segundo datos do IGE no primeiro trimestre do ano 2020.

No caso de Galicia, baseándonos nos tres puntos nos que fixeron fincapé Millán, Del Pilar e Pérez (2015) obsérvanse varias diferenzas. En canto ó mercado laboral galego, a taxa de actividade apenas se incrementou en 4 puntos, sendo un 44,86% no primeiro trimestre de 1977 e 48,03% no mesmo trimestre do ano 2020, (INE). Obsérvase unha clara diferenza ca traxectoria española, e non tanto na actualidade, se non que no 1977 a diferenza entre ambos territorios é de 16 puntos. En relación ó sistema educativo, a taxa de escolaridade das mulleres é superior, actualmente, en case todas as idades á dos homes, incluíndo a educación universitaria, excepto nas carreiras técnicas. Pero, durante o século XX Galicia sempre destacou por ter unha taxa de alfabetización masculina superior a media española, e unha taxa de alfabetización feminina moi inferior á media española (De Gabriel, 2012). Por último, no caso do índice de fecundidade, que no caso galego pasou de 2,3 fillos por muller na década dos 70 a un 1,02 no 2019 (IGE, 2020).


A continuación, pasarase a explicar máis detidamente os tres puntos base explicados por Millán, et. al (2015). Facendo fincapé en cuestións como a evolución da taxa de actividade, a diferenciación do emprego do tempo diario no ámbito reprodutivo, as distintas etapas da educación no noso país ou a evolución do índice de fecundidade, entre outras.

### **2.3.1. Mercado laboral.**

As teorías feministas fan énfase na importancia dos estereotipos sociais da muller sobre os postos de traballos que ocupan. Para Del Rio (2003), o mercado de traballo galego, desde unha perspectiva de xénero, reflexa grandes diferenzas na colocación, presenza e retribución de homes e mulleres.

Segundo os datos extraídos do INE puido observarse a clara diferenza que existe entre o territorio español e o galego en canto á taxa de actividade feminina. No caso español esta taxa sempre foi moi inferior á masculina, e foi crecendo co paso do tempo. No caso galego, foi, e segue sendo, inferior, pero non existiu tanta diferenza. A taxa de actividade pode definirse como “o cociente entre o total de activos e a poboación de 16 e máis anos” (INE, 2020). É dicir, este indicador sinala que porcentaxe de poboación dun país participa activamente no mercado laboral. En Galicia, a evolución da taxa de actividade feminina en comparación ca masculina pode verse no Gráfico 1.

**Gráfico 1: Evolución da taxa de actividade 1976-2020 (1º trimestre).**



Fonte: Propia, utilizando datos do INE (EPA).

O gráfico anterior móstranos que no ano 1977, o 78,44 de cada 100 homes de máis de 16 anos, tiña un emprego ou estábao buscando. Pola contra, na mesma data, o número de mulleres que estaban nesta situación era case a metade, un 44,86. Case medio século despois, no ano 2020, esta taxa reduciuse enormemente para os varóns, converténdose nun 57,85, mentres que no caso das mulleres o aumento foi mínimo, converténdose en 48,59. Por que ocorre isto? Un estudo realizado polo BBVA (2015) explica que estes cambios responden a factores estruturais. Estes factores explícanse en relación ó avellentamento da poboación e á evolución da tendencia a participar de certos colectivos. No caso do avellentamento pódese destacar que as primeiras cohortes da xeración baby-boom<sup>10</sup> están comezando a abandonar a fase de alta participación e as baixas taxas de natalidade non prevén un ensanchamento na base da pirámide poboacional. En canto á participación de certos colectivos (como as mulleres) no ámbito laboral galego destaca especialmente, como xa vimos, a especialización produtiva da economía galega, a cal condiciona en gran medida a taxa de actividade. A importancia do sector primario na rexión e a prevalencia do minifundismo facilitan a ocupación das mulleres en explotacións familiares (BBVA, 2015). Observando ó longo dos anos os datos ofrecidos pola Enquisa de poboación Activa (EPA) podemos chegar a entender a importancia que tivo no século pasado a agricultura e gandería en Galicia. Na Táboa 1 pódese observar, en relación ás mulleres ocupadas en cada ano, a porcentaxe que representan aquelas que se dedican ó sector primario.

<sup>10</sup> Segundo explica o López (1992), a xeración baby boomer en España comprende os nados entre 1960 e 1975, xa que este considera que non é ata finais dos 50 cando a natalidade empeza a medrar co desenvolvemento e co fin dos anos da posguerra.

**Táboa I: Evolución porcentual das mulleres que se dedican ó sector primario en Galicia.**

Ano (1º trimestre)	Porcentaxe
1977	62,13%
1990	44,43%
2000	21,90%
2010	7,14%
2020	4,60%

Fonte: Propia, a partir de datos da EPA (INE).

Dende a década dos 70 ata a actualidade a porcentaxe das mulleres ocupadas no sector primario sufriu un descenso enorme. No ano 1977, o 62,13% das mulleres que traballaban en Galicia facían neste sector, mentres que apenas 20 anos despois, esta cifra reduciuse a unha terceira parte, converténdose nun 21,9% das mulleres. Actualmente, no primeiro trimestre do 2020, do total de mulleres ocupadas en Galicia, so un 4,6% se dedican á agricultura e a gandaría. Este descenso vén dado polo aumento da ocupación en outros sectores onde destaca esencialmente o sector servizos (EPA). Ademais, debemos recordar que Galicia cada vez está máis avellentada, sobre todo no rural, e isto conleva que a poboación que vive en concellos rurais, sexa na súa maior parte poboación que xa non está en idade de traballar<sup>11</sup>.


Por outra banda, é importante destacar tamén a figura daquelas mulleres que non teñen e non están buscando emprego, a pesares de estar en idade de facelo. Estas supoñen un 51,41% da poboación. Máis da metade da poboación feminina galega non se encontra traballando, pero que fan?

No ano 2020, a EPA mostra que había en Galicia 638.200 mulleres inactivas, mentres que o número de homes na mesma situación era de 479.800. En termos porcentuais a poboación feminina en situación de inactividade neste ano supoñía o 51,41% do total de mulleres en idade laboral. Porén, para os homes esta porcentaxe era do 43,9%. Dentro do colectivo de poboación inactiva existen diferenzas de xénero segundo a clase de inactividade. Unha vez máis, a través dos datos da EPA, obtemos os seguintes resultados en relación a clase de inactividade das mulleres e homes galegos (Gráfico 2).

---

<sup>11</sup> Máis adiante poderase comprender esta idea en relación o noso estudo de caso, o concello de Santiso.

**Gráfico 2: Clase de inactividade no ano 2020 en homes e mulleres.**



Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE.

O 64% dos homes que no ano 2020 se atopaban nunha situación de inactividade eran retirados, xubilados e pensionistas. O seguinte colectivo en importancia era o de estudantes, que neste ano supoñía o 16% da poboación inactiva masculina. Para as mulleres a situación de inactividade máis habitual era a mesma que para os homes ("retirados, xubilados e pensionistas"), aínda que neste caso englobaba o 51% da poboación inactiva feminina. Por outra banda, o 28% das mulleres inactivas declaraban que a súa situación de inactividade debíase a que se ocupan do seu fogar, sen recibir ningunha prestación económica a cambio. Pola contra, esta porcentaxe era soamente do 7% para os homes. Este dato é realmente importante xa que mostra unha das realidades ás que están sometidas as mulleres. É dicir, ou ben estas se dedican única e exclusivamente ás tarefas do fogar (como é o caso de 28%), ou teñen un traballo remunerado e a maiores deben realizar as tarefas de coidado e do fogar. Na Táboa 2 móstrase unha comparación entre as horas invertidas diariamente no traballo reprodutivo, tanto para homes como para mulleres. Os datos máis recentes que nos ofrece o Ministerio de Igualdade, fan referencia ó 2009-2010; pola contra, no caso os datos máis antigos son do 2002-2003<sup>12</sup>.

<sup>12</sup> Sería ideal haber atopado datos máis antigos, pero no ano 2002 foi a primeira vez que se mediu como tal as horas que empregan homes e mulleres en realizar o traballo reprodutivo. Persoalmente non me parece raro que isto sexa así, xa que como se comentou ó longo do marco teórico, o traballo reprodutivo non se consideraba traballo, polo que, non se considerou que debía ser medido.

**Táboa II: Emprego medio diario do tempo reprodutivo. Diferencia entre homes e mulleres.**

Ano	Mulleres		Homes	
	2002-2003	2009-2010	2002-2003	2009-2010
<b>Actividades non especificadas</b>	..	0h 15'	..	0h 4'
<b>Actividades culinarias</b>	1h 38'	1h 24'	0h 22'	0h 26'
<b>Mantemento do fogar</b>	0h 56'	0h 49'	0h 13'	0h 17'
<b>Confección e coidado da roupa</b>	0h 29'	0h 23'	0h 1'	0h 1'
<b>Xardinería e coidado de animais domésticos</b>	0h 7'	0h 7'	0h 15'	0h 18'
<b>Construción e reparacións</b>	0h 1'	0h 1'	0h 6'	0h 6'
<b>Compras e servicios</b>	0h 32'	0h 31'	0h 18'	0h 20'
<b>Xestións do fogar</b>	0h 0'	0h 1'	0h 1'	0h 1'
<b>Coidado de nenos</b>	0h 24'	0h 32'	0h 10'	0h 18'
<b>Axudas a adultos membros del fogar</b>	0h 4'	0h 4'	0h 2'	0h 2'
<b>Total</b>	<b>4h 24'</b>	<b>4h 7'</b>	<b>1h 30'</b>	<b>1h 54'</b>

Fonte: Elaboración propia a partir da EET do Ministerio de Igualdade.

A diferenza de tempo no traballo doméstico está moi lonxe de ser igualitaria. Mentres que no período 2002-2003 a muller dedica 4h24' ás tarefas domésticas, o home apenas dedica 1h30'. É certo que a medida que pasa o tempo, no período 2009-2010 parece que esa diferenza tende a axustarse minimamente, pero dende logo, está aínda moi lonxe de ser igual o tempo invertido no traballo doméstico para os homes que para as mulleres. Faise evidente que estas diferenzas están marcadas pola realidade social que vive o xénero feminino. Historicamente as mulleres son as que se deben dedicar a este tipo de tarefas, e a inclusión destas ó mercado laboral non cambiou a construción social que existe en torno ó xénero, e polo tanto a situación da muller en torno ás horas dedicadas a este tipo de traballo tampouco mutou en gran medida no tempo.

Historicamente, o traballo das mulleres na produción agrícola dos fogares campesiños en Galicia foi decisivo e imprescindible, como o foi en xeral, en todas as zonas de agricultura de subsistencia nas que a forza de traballo era case exclusiva familiar, a terra percápita escasa e os niveles de renda agrarios, baixos (Rial, 2013). Pero, o traballo produtivo entendido como a produción agrícola e o coidado do gando non era, nin é, o seu único traballo xa que “as responsabilidades domésticas [...] gravitaron en torno a elas” (Rial, 2003, p. 200). Nesta liña, xa Labrada (1971) comentara a ocupación principal para todos os habitantes das aldeas era agricultura e a cría do gando. Segundo este autor, os homes realizaban as tarefas máis duras do campo, e as mulleres axudábanlle naqueles traballos que eran máis proporcionados ás súas forzas, sen esquecerse das tarefas do fogar e o coidado das crianzas e dos maiores. Precisamente é nestas situacións nas que se produce a dobre xornada da que anteriormente falamos.

Por todo o exposto, e as diferenzas vistas entre os diferentes anos, podemos intuír que comezan a aparecer pequenos cambios que arrojan luz ó final do túnel para que a dobre xornada laboral das mulleres deixe de ser unha obriga da que ademais, non obteñen

remuneración, e se converta nun traballo compartido que deben facer todos os membros da familia. Por es emotivo, no momento de levar a cabo a metodoloxía deste traballo tentárase dar resposta a como e cal é o traballo actual que realizan as mulleres no rural galego, e tentárase identificar tamén as funcións que realiza cada membro da unidade familiar.

### **2.3.2. Educación.**

Outro factor que explica porque se produce a dobre xornada laboral é a educación. Na primeira metade do século XX diminuíu sensiblemente as altas taxas de analfabetismo que arrastraba desde principios de século, pero non foi ata despois da década dos 60 que mellorou a educación secundaria e superior. Guisán (2000) argumenta que ó longo da década dos 60 “ampliáronse de forma importante o número de estudantes e de centros de ensinanza. O total de alumnos galegos de bacharelato xeral e técnico pasou de 34.653 no curso 1959-60 a 73.399 no curso 1967-68” (Guisán, 2000, p. 159). Este mesmo autor explica que Galicia, situábase en niveis similares á media nacional<sup>13</sup> en relación á poboación maior de 25 anos con estudos secundarios de segundo ciclo completos ou nivel superior. Durante o período do 1964-1997 a situación mellorou substancialmente, de forma que no 1997 a media nacional de estudos secundarios completos foi dun 30%. Actualmente, esa taxa ascendeu ata un 60%<sup>14</sup>.

Para explicar esta evolución, Gradaílle (2004) acotou temporalmente a evolución da política educativa en España, en xeral, e en Galicia en particular. En primeiro lugar está a “emerxencia dun sistema educativo articulado (1812-1857)”, no que basicamente fai referencia á influencia das correntes liberais procedentes de Europa para a reformulación dunha política educativa. O cambio máis importante que se produciu neste momento foi a idea de educar a tódolos individuos, tanto nenos como nenas.

En segundo lugar temos o “asentamento dos piares básicos da educación (1857-1900)” no que se consagra a estrutura do sistema educativo, institucionalizando os principios e os valores do liberalismo. A pesares de que esta era a idea principal o alto nivel de analfabetismo e a dificultade de moitos nenos para acudir á escola, fai que xurdan escolas creadas pola Igrexa. Comeza neste momento a diferenciación educativa para nenos e nenas, a eles ensinábaselles coñecementos científico-técnicos e a elas o estudo da norma e as labores do fogar.

O terceira época é a “construción dun modelo educativo no primeiro terzo do século XX (1900-1936)”. Nesta época a idea era que para a poboación do rural a educación fose unha cuestión máis relevante, e poder deste xeito mobilizar parte de esa poboación masculina cara as cidades (nas que se encontraban as principais industrias), e a feminina para poder realizar traballos de modista, serventa, dependenta, etc.

---

<sup>13</sup> Situábase nun 2,1%.

<sup>14</sup> Fonte: Nivel de formación da poboación adulta española, a 2019 (INE).



En cuarto lugar situamos a “educación da muller durante a Guerra Civil e o Franquismo (1936-1970)”. A política educativa que nace coa vitoria do réxime franquista, oriéntase evidentemente, na mesma dirección ideolóxica de Franco. Estamos polo tanto ante un sistema educativo e cultural que lexítima o nacional-catolicismo. Deste xeito, a Igrexa recibe todo o poder para asumir a docencia dos centros educativos. Xa na educación primaria se facía unha diferenciación por xénero, ofrecendo unha educación orientada cara a formación intelectual para o xénero masculino, e unha educación encamiñada á vida no fogar, ó matrimonio e á maternidade para o xénero feminino.

Por último, a “educación das mulleres en democracia (1970-actualidade)”. As novas leis promulgadas despois do Franquismo pretendían, en termos xerais, a igualdade de oportunidades como un principio para a cohesión social, e poder superar os problemas xerados pola condición de xénero, a procedencia, o estatus socioeconómico, etc. En xeral, como vemos, a muller sempre estivo en clara desvantaxe fronte ó home cando falamos da educación que recibiu. Este é un dos motivos polo que a muller estaba obrigada a traballar nas tarefas do fogar, e no caso de traballar fóra deste, sempre na empresa familiar, no coidado dos animais, ou en tarefas manuais nas que non precisaran de coñecementos especiais para realizar.

Centrándonos na educación en Galicia, tanto para os homes como para as mulleres, existen varias cuestións que se deben comentar. A evolución céntrase en primeira instancia en analizar o proceso de alfabetización, o cal se produciu ó longo de todo o século XX. De Gabriel (2012) argumenta que no ano 1860 sabía ler e escribir un 21,14% da poboación galega de dez e máis anos pero, este mesmo autor, incide na importancia de segregar a análise deste dato por sexos, xa que para os varóns esta cifra multiplicábase ata converterse en 42,26%, e no caso das mulleres descendía ata o 4,52%. Un século despois, no ano 1970 a situación era moi distinta, despois de que se produciran a terceira e a cuarta fase seguindo o esquema de Gradaílle (2004), o 90,54% da poboación estaba alfabetizada, e a diferenza por sexos reduciuse en gran medida, sendo de 95,32% para os varóns e de 86,20 para as mulleres (De Gabriel, 2012).

Cabe destacar, que ademais da diferenciación na porcentaxe de alfabetización entre homes e mulleres, estas últimas, no caso de ir a escola e recibir unha educación, non o facían do mesmo xeito que os homes. Díaz (2014) argumenta que ata o final do Franquismo, impartíanse programas distintos para nenos e nenas, centrándose o destas últimas na ensinanza das labores do fogar e na formación da vida relixiosa. Coa chegada de democracia acelérase o cambio educativo en todos os niveis, e A Lei Orgánica do Dereito a educación de 1985, abre as portas das aulas a grandes sectores da poboación antes excluída. A presenza das mulleres en cursos avanzados como a educación secundaria e a educación superior dispárase ata o punto de superar ós homes no ano 2020. A continuación, na Táboa 3 pódese observar a evolución de homes e mulleres de mais de 16 anos en canto ó seu nivel de formación.

**Táboa III: Poboación de 16 e máis anos por nivel de formación alcanzado e sexo. Comparativa 2010-2020**

	Galicia			
	2010		2020	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Analfabetos	1,0%	2,6%	0,6%	1,2%
Estudios primarios incompletos	26,6%	32,2%	3,6%	6,0%
Educación primaria	32,2%	26,3%	9,9%	12,9%
Primeira etapa de Educación Secundaria e similar	18,1%	15,7%	36,6%	30,0%
Segunda etapa de educación secundaria, con orientación xeral	0,0%	0,0%	12,4%	12,2%
Segunda etapa de educación secundaria con orientación profesional (inclúe educación postsecundaria no superior)	21,6%	22,9%	8,3%	7,0%
Educación Superior	0,5%	0,2%	28,6%	30,7%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE.

A través dos datos expostos, obsérvase como no ano 2010, o 61,1% das mulleres eran analfabetas, tiñan estudos primarios incompletos ou soamente tiñan rematada a educación primaria. Isto ocorre polo avellentamento que sofre a poboación galega. Como xa dixemos, nesta comunidade a poboación está tremendamente avellentada, polo que é lóxico que a medida que a xente máis maior e con menor nivel de estudos falece aumente a porcentaxe en educación secundaria e superior. Por todo isto, no ano 2020, soamente o 20% das mulleres posuían estas características. Neste mesmo ano, case un 20% das mulleres tiñan rematada a segunda etapa de educación, incluíndo incluso postsecundaria no superior. O dato máis relevante atopámolo ó observar a educación superior, xa que, en apenas 10 anos, este valor incrementouse nun 30,5%, pasando de non existir practicamente ningunha muller (un 0,2%) con este tipo de estudos rematado, a converterse na opción con máis valor no 2020 (un 30,7%), e superando ademais a porcentaxe de homes cos mesmos estudos, o cal se sitúa nun 28,6%.


Tras esto, enténdese mellor a situación das mulleres no mercado laboral, durante a historia. En xeral, nas décadas pasadas estaban pouco preparadas, e a educación que recibían era diferente á dos homes en varios aspectos. Eran educadas para o traballo reprodutivo e non para o produtivo. Xa vimos como, para realizar o traballo produtivo da empresa familiar da Galicia rural si eran “aptas” xa que non precisaban estudos para sacalo adiante. Actualmente, cos cambios que se foron producindo na educación, e no pensamento social en torno ó xénero incrementouse tanto que se pasou de que máis da metade da poboación feminina apenas tivera estudos, a que o 50% desa poboación teña estudos de educación secundaria e superiores.

### 2.3.3. Familia.

Fraile (2008) explica que a familia é o grupo primario máis importante na vida do ser humano, así como a institución máis estable da historia da humanidade. Este concepto de

familia como estruturadora da realidade social leva sendo inmutable dende o momento da súa construción, pero a forma desa familia sufriu varios cambios nos últimos anos. Facendo fincapé no derradeiro aspecto que comentaban Millán, et al. (2015), podemos observar no Gráfico 3 unha evolución dende 1970-2019 do índice de fecundidade en España e Galicia.

**Gráfico 3: Índice de fecundidade en España e Galicia. Evolución 1975-2019.**



Fonte: Elaboración propia, a partir de datos do INE (Indicadores demográficos básicos).

É evidente que o número de fillos por muller tivo un gran descenso nestes últimos 50 anos. En España pasouse de 2,77 fillos por muller en 1975 a 1,24 fillos por muller en 2019; en Galicia, no 1975 o índice de fecundidade era de 2,33 e no 2019 descendeu ata o 1,02. Isto pode ser unha das explicacións ós cambios que se están dando na vida da muller. Segundo Rodríguez-Brioso (2002) a transición dende a familia extensa á familia nuclear produciuse en España antes dos anos cincuenta por unha fecundidade limitada e decrecente. Nos seguintes anos esta evolución acentuouse, e isto fixo que a familia nuclear se aproximase ás pautas que seguían os países europeos. Ademais, do tamaño da familia, tamén se produciron outros cambios que deben ser comentados, e que veñen producidos pola chamada II Transición Demográfica.

A Transición Demográfica na súa vertente máis clásica trouxo consigo unha diminución da fecundidade, como xa vimos, e un alargamento da esperanza de vida, a cal tivo importantes efectos sobre o ciclo de vida das persoas e das familias (Recaño e Chacón, 2021). Seguindo a estes autores, a II Transición Demográfica caracterízase por sucesos pouco habituais nos anos 70, como o divorcio, a convivencia en parellas non casadas, ou retraso da maternidade. Van de Kaa (1987) citado por Recaño e Chacón (2021) postulou esta segunda transición a través de catro fases: do matrimonio a cohabitación, das relacións centradas nos nenos ás relacións centradas na parella, da anticoncepción a concepción para a auto realización e, por último, o cambio de un paisaxe familiar uniforme a un mosaico de familias plurais.

En canto ó caso galego, a Transición Demográfica galega tivo un ritmo particular, moi

condicionado pola emigración (Hernández, 2002). Durante todo o século XX, é sabido que Galicia sufriu un proceso migratorio masivo, acentuado en gran medida na marcha de varóns (Álvarez, 1995). Isto explica o baixo índice de fecundidade da comunidade durante todo o século XX. Ademais, tamén é destacable o retraso na idade da maternidade. Por exemplo, observando a idade das galegas á hora de ter os seus fillos segundo datos do INE, no ano 1975 en Galicia, o 77,83% das mulleres que tiñan un fillo encontrábanse entre a franxa dos 20 ós 34 anos e, dentro dista, o 30% eran nais entre os 20 a 24; na actualidade, o 79,8% das mulleres que teñen un fillo está entre 25 e 39 anos, sendo o quinquenio de 35 a 39 anos o máis representativo (cun 33, 73%).

Por outra banda, outros cambios, son as modificacións que se produciron nas novas formas de convivencia tales como o aumento de parellas de feito ou as segundas ou terceiras nupcias como consecuencia do crecemento dos divorcios, ou a convivencia nun fogar de varias xeracións (Hernández, 2002). Na sociedade galega, é moi común atoparnos este tipo de situacións, Gradaílle (2004) explica que “nos situamos ante núcleos familiares numerosos (familias extensas), conformados habitualmente polo matrimonio, os fillos e os avós paternos ou maternos. Neste sentido, nas áreas rurais galegas é frecuente atoparnos con unidades familiares integradas por tres xeracións” (Gradaílle, 2004, p. 263). Hernández (2014) explica que nos fogares galegos a presenza dos anciáns adquire gran importancia, xa que en moitas ocasións dase una co-residencia entre unha parella de idade media, unha ou varias persoas anciás e a mocidade que aínda depende dos seus pais. Esta situación ven dada polo avellentamento que sofre a comunidade galega e, tamén, polo aumento da esperanza de vida, a cal pasou de 72,96 anos de media en 1975 a 83,82 no ano 2019 (IGE, principais datos de saúde). De todos os xeitos, na actualidade, o alargamento da duración media da vida e o mantemento dun estado de saúde aceptable durante máis anos, permiten que moitas persoas maiores vivan de unha forma autónoma ata idades avanzadas, e cando os anciáns comezan a sufrir deterioro físico o máis normal é que eses individuos pasen a vivir con familiares, especialmente coas fillas, segundo explica Hernández (2014).

Historicamente, casar e conformar unha familia constituía o principal destino das mulleres, pois debido a que abandonaban a escola de forma prematura, debían casar para buscar unha estabilidade socioeconómica e a independencia do fogar paterno que non conseguirían doutro xeito. O matrimonio, polo tanto, sempre foi unha parte moi importante da familia xa que, basicamente, a formación dun novo grupo familiar estaba producido pola celebración dun casamento. A II Transición Demográfica cambiou este ideal en Galicia. No ano 1975, producíronse 18.960 casamentos, case medio século despois, no 2019, esta cifra descendeu a 9.195 (INE). Os datos demostran que as novas formas de familia son unha realidade en Galicia. Xa non é preciso casar para formar unha familia.

Dito o anterior, podemos comprender de mellor forma moitas das situacións que levaron ó xénero feminino a estar na posición social e laboral na que se encontra. O pensamento heteropatriarcal marca, inevitablemente, todas as demais facetas do noso estudo. Tanto o


mercado laboral, como a educación e a familia se viron influenciados en todo momento polo poder hexemónico, e isto claro está, deixaba como figura menos importante e relevante na sociedade ás mulleres. Dende o histórico modelo de familia heteropatriarcal que vía á muller como cónxuxe e nai; dende a educación, que a educaba para o traballo doméstico; e dende o ámbito laboral, do que as botaban para que nun principio só se dedicasen ó traballo reprodutivo, e no caso de ser necesario, que realizasen un traballo produtivo de forma invisible ou como “axudantes”; ata a actualidade, que existen novas formas de familia, cambios na idade de ser nai e no número de fillos; acceso á mesma educación sen diferenzas por xénero; e maior inclusión no mercado laboral. Pero, existe algo que non mutou en todo este tempo, o traballo reprodutivo. Como vimos, na actualidade as mulleres seguen sendo as encargadas deste tipo de traballo. E, como tamén realizan un traballo no mercado laboral, seguen sufrindo a chamada dobre xornada.

#### 2.3.4. Estudo de caso: Concello de Santiso.

**Mapa 1: Santiso situado no mapa Galego.**

No corazón de Galicia e entre ríos exténdese o Concello de Santiso, cunha orografía quebrada e formada por pequenos vales á beira dos regatos que desembocan no Ulla. 17 parroquias, ó redor de 1518 aldeas e nun radio de 68 quilómetros cadrados conforman un entorno de gran riqueza paisaxística e histórica para os case de 1.600 santiseses e santisesas que residen no Concello.

Observando os parámetros antes analizados en relación a Galicia, obtemos os seguintes resultados para o concello de Santiso.



Fonte: Páxina web do concello de Santiso.

Existen diversos criterios para tratar de delimitar o medio rural. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación definiu o medio rural como “o espazo xeográfico formado pola agregación de municipios que posúen unha poboación inferior a 20.000 habitantes e unha densidade inferior ós 100 habitantes por km<sup>2</sup> (2007). Esta definición preséntanos o reto de que para delimitar a Santiso como un concello rural, debemos cumprir as características mencionadas. Na táboa IV obsérvase a evolución do número de poboación en Santiso dende a década dos 70 ata a actualidade.

**Táboa IV: Número de habitantes do Concello de Santiso.**

	1970	1990	2000	2020
Total	3.322	2.758	2.282	1.544
Homes	-	1.438	1.181	802
Mulleres	-	1.320	1.101	742

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

En medio século o concello perdeu máis da metade da poboación, pasando de un total de 3.322 habitantes en 1970 a 1.544. Todas esas perdas proveñen dos grupos de maior avanzada idade da pirámide de poboación. Observando os datos do IGE en relación ós nacementos e defuncións do ano 1975 e 2019 observamos que: os nacementos no ano 1975 foron un total de 38, mentres que no 2019, esta cifra reduciuse a 7 nacidos; no caso das defuncións, a situación é distinta. En 1975 houbo un total de 35 mortes, e no ano 2019 producíronse 39. Ademais, tendo en conta a segunda característica necesaria para delimitar a Santiso como concello rural, IGE sitúa a densidade de poboación do concello en 24,19 hab/km<sup>2</sup>. Polo tanto, baixo esta definición, queda claro que o concello de Santiso é rural.

Por outra banda, dada a súa situación xeográfica e seguindo o esquema anteriormente mencionado de Fernández e Peón (2017) estamos a falar dun concello situado na Galicia central ou interior, é dicir, comarcas cunha base agraria, en especial gandeira. Segundo o IGE, no caso da economía e o tipo de actividade predominante no concello de Santiso en 2020, destaca o sector servizos como a actividade predominante, cun 47,44% da poboación ocupada. Mais, no caso do sector primario, este concello é un caso especial, xa que está moi por riba da media galega, situándose nun 30,47%.

Dito isto, parece lóxico definir o concello de Santiso como unha rexión rural, na que, ademais, cobra gran importancia o sector primario. Por estas razóns, enténdese como óptimo a escolla deste concello para levar a cabo a metodoloxía proposta nos seguintes apartados, e deste xeito, poder conseguir os obxectivos marcados ó principio da investigación, ademais de tentar refutar ou validar as hipóteses que se formularán a continuación.

### 3. Hipóteses.

Tras o exposto anteriormente, pódese dicir que existen varios aspectos que conxuntamente axudan a definir o porqué da dualidade do traballo feminino no rural galego. Xorden, a raíz do exposto, varias preguntas: Hai diferenzas entre o tempo que invertían no traballo reprodutivo as mulleres da década dos 70 e as da actualidade? O traballo que realizaron, e seguen realizando, as mulleres no rural é visible e valorado? Seguen, na actualidade, a ter que realizar unha dobre xornada laboral mentres que o homes segue encargado única e exclusivamente do traballo produtivo? Para tentar responder a estas e outras cuestións, establécese unha hipótese para cada un dos obxectivos:

Fíxose necesario analizar, en primeiro lugar, a evolución do traballo da muller en Galicia, e máis concretamente no rural. De acordo ó comentado por diversos autores e a importancia que teñen os actores nesta investigación, tentárase coñecer a través das vivencias persoais e da revisión bibliográfica a evolución que sufriu o traballo produtivo e reprodutivo no rural galego. Baseándose nisto, a segunda hipótese establécese da seguinte maneira: *na Galicia do S.XXI existe unha menor importancia do sector primario, pero dentro deste, a muller segue sendo determinante.*

Outro dos problemas principais ós que se enfrontaron as mulleres durante toda a súa vida, foi a relegación ó ámbito privado. No caso de Galicia, como a economía dos campeciños era moi limitada, toda man de obra era esencial para sacar o máximo rendemento ás terras e ós animais. Por este motivo, o traballo das mulleres, e incluso das crianzas, era esencial para tentar vivir de mellor xeito. É dicir, ademais de ter que realizar o traballo doméstico polo feito de ser mulleres, debían axudar ás súas familias no traballo no campo. Neste sentido, eran elas as únicas que realizaban ambos traballos polo que facían unha dobre xornada, mentres que os homes so realizaban o traballo produtivo. En base a esta idea, prognosticase que, *na Galicia dos anos 70 había unha maior predisposición que na actualidade a que as mulleres realizasen dobres xornadas laborais.*

Ó longo desta investigación fíxose evidente que a dobre xornada laboral está tremendamente marcada pola educación que se lle impartiu ás mulleres ó longo do tempo, ademais da tremenda importancia que ten o modelo familiar occidental no proceso da incorporación da muller ó mundo laboral, ou os distintos fenómenos demográficos que se produciron no final do S.XX. Ditas variables, non so afectaron ó tipo de traballo produtivo, se non tamén ó modelo de muller cónxuxe e nai que debe coidar do seu fogar. Como consecuencia a estes cambios, a terceira hipótese sería: *os cambios que se foron producindo na sociedade galega non ofreceron mais liberdade á muller da actualidade.*

O último dos obxectivos específicos trata de coñecer da man das entrevistadas a realidade do traballo do rural. É dicir, non se centra en saber o motivo polo que as mulleres tamén debían facer o traballo produtivo, máis ben preténdese identificar as distintas tarefas que realmente realizaba cada individuo. Evidentemente, ó igual que durante todo o traballo,

preténdese comparar a xeración dos 70 coa actualidade. Dito este, xorde a quinta e última hipótese: *as tarefas que deben realizar as mulleres da actualidade son mais sinxelas, pero iso non repercute nunha diminución de horarios.*

Por último, baseándonos na idea principal desta investigación, coa que se fai referencia ás diferenzas ou similitudes que podemos atopar ó analizar a vida e o traballo que realizan as mulleres rurais levando a cabo unha comparativa entre o 1970 e o 2020, fórmulase a primeira hipótese: *no rural, non podemos atopar diferenzas significativas na vida e traballo, entre as mulleres dunha e outra época.*

En relación os obxectivos propostos, pode establecerse unha relación entre estes e as hipóteses. Esta relación móstrase na táboa V, a cal se encontra a continuación:

**Táboa V: Relación obxectivos-hipóteses.**

<b>OBXECTIVO</b>	<b>HIPÓTESE</b>
Coñecer cal e como é o traballo que realizan as mulleres do rural galego dunha e outra época.	As tarefas que deben realizar as mulleres da actualidade son mais sinxelas, pero iso non repercute nunha diminución de horarios.
Determinar a evolución do traballo da muller en Galicia.	Na Galicia do S.XXI existe unha menor importancia do sector primario, pero dentro deste, a muller segue sendo determinante.
Estudar o concepto de dobre xornada laboral.	Na Galicia dos anos 70 había unha maior predisposición que na actualidade a que as mulleres realizasen dobres xornadas laborais.
Estudar como influíron os cambios educativos e demográficos na vida das mulleres do rural.	Os cambios que se foron producindo na sociedade galega non ofreceron mais liberdade á muller da actualidade.
Comparar as diferenzas ou similitudes da vida e do traballo que realizan as mulleres rurais da década de 1970 e na actualidade (2020) no concello de Santiso.	No rural, non podemos atopar diferenzas significativas na vida e traballo, entre as mulleres dunha e outra época.

Fonte: Elaboración propia.



## 4. Metodoloxía.

Como xa se vén comentado en anteriores páxinas, o obxectivo deste traballo, é en primeiro lugar estudar o concepto de dobre xornada para, en segundo lugar, observar as características do traballo produtivo e reprodutivo das mulleres rurais. Máis concretamente, establecer as diferenzas e similitudes entre ambos traballos no Santiso dos anos 70 e o da actualidade. Ademais, establecéronse tamén unha serie de obxectivos secundarios que buscan afondar na realidade dunha situación que afecta a millóns de mulleres.

Os mencionados obxectivos compre non enténdelos como feitos separados, senón como un punto de apoio a partir do cal refutar ou validar as hipóteses. Unha das mellores maneiras de abordar o fenómeno é a de estudalo dende a escoita e recollida do relato das mulleres do rural, xa que serán eses relatos os que constituirán o factor diferencial do traballo. Polo tanto, a metodoloxía finalmente escollida para a investigación é a cualitativa, realizando entrevistas semi-estruturadas, xa que o contacto verbal mediante entrevistas é a mellor maneira de achegarse ó que require o tema de estudo. O punto positivo de escoller este procedemento é que a metodoloxía cualitativa serve para “(...) comprender a perspectiva dos participantes (...) acerca dos fenómenos que os rodean, afondar nas súas experiencias, perspectivas, opinións e significados, é dicir, a forma na que os participantes perciben subxectivamente a súa realidade” (Hernández, et al. 2010, p. 364).

Cabe recalcar que esta investigación se realizará no Concello de Santiso, xa que é un ámbito xeográfico máis reducido que o galego, e de máis fácil acceso. Pero, a elección deste concello non foi aleatoria, e en puntos anteriores demostrouse que este municipio se move na dinámica xeral de Galicia, e isto facilitará que os resultados extraídos se poidan estender a outras rexións galegas con características similares.

Segundo explica Vallés (1999), existen catro tipos de entrevistas en profundidade: a entrevista focalizada, estandarizada non programada, especializada e a elites, así como outra serie de entrevistas como a biográfica ou a intensiva. Para esta investigación, a entrevista focalizada preséntase como a máis atinada para lograr os obxectivos marcados. Acuñada por Merton en 1946, caracterízase pola exposición previa dos entrevistados a unha realidade concreta observada polo entrevistador; para este caso, a dobre xornada laboral das mulleres (Vallés, 1999). O segundo trazo característico deste tipo de entrevista é o estudo previo da situación polo entrevistador (Vallés, 1999), feito que aparece presente a través do marco teórico deste traballo. Así mesmo, tamén se formulan unha serie de hipóteses a partir das cales se crea o guión de entrevista. A través deste proceso, a entrevista focalizada busca comprobar se os efectos que se produciron sobre a persoa entrevistada contrastan ou non coas hipóteses, tal e como se formula a estrutura desta investigación (Vallés, 1999).

Dentro da entrevista en si, as preguntas son formuladas dun xeito semi-estruturado, no que estas posúan un estímulo estruturado e unha resposta de carácter libre (Vallés, 1999). Ademais, a entrevista focalizada caracterízase por non estar dirixida, de forma que as respostas sexan o máis espontáneas e libres posibles. Porén, explica o propio Vallés (1999) que se incita ó entrevistado a ser específico e concreto nas respostas, en lugar de difuso ou xenérico. Por último, busca tamén indagar na amplitude e na profundidade das vivencias e dos contextos (Vallés, 1999).

A partir do recollido nas entrevistas, extraéronse unha serie de resultados que se contrastaron e puxeron en contexto con outras fontes de información. Por un lado, establecéronse paralelismos co marco teórico desenvolvido tras a exploración de diversos libros, artigos e demais escritos. Por outra banda, situáronse os relatos en cadanseu contexto histórico, fortemente marcado pola realidade política, social ou económica de cada un e, por iso, se optou por recoller distintos datos cuantitativos (cifras demográficas, principalmente) que terán como fin situar e entender a realidade dende un punto de vista estatístico.

As entrevistas en profundidade realizáronse coa existencia dun guión prediseñado<sup>15</sup>, o cal foi modificado no desenvolvemento dalgunha entrevista debido ás diferentes cuestións imprevistas que xurdiron. Pretendeuse conseguir respostas ricas en base á explicación persoal e a experiencia das entrevistadas en canto á evolución da súa vida, a educación ou o traballo. Precisamente, a utilización desta técnica explícase pola necesidade de aproveitarse dos relatos persoais das mulleres rurais para comprender o porqué da dobre xornada laboral. Co obxectivo de conseguir a maior información posible, delimitáronse un total de catro bloques de preguntas. Ademais, dentro de cada un deses bloques podemos facer referencia ós dous espazos temporais que se estudan (ver táboa VI).

**Táboa VI: Bloques do guión da entrevista.**

<b>BLOQUE 1: Educación</b>	
Infancia	Adultez
<b>BLOQUE 2: Traballo</b>	
Infancia	Adultez
<b>BLOQUE 3: Familia</b>	
Infancia	Adultez
<b>BLOQUE 4: Opinión</b>	

Fonte: Elaboración propia.

En primeiro lugar, atópase o Bloque 1, orientado a coñecer a educación que recibiron as entrevistadas, e a educación que éstas deron ós seus fillos. En segundo lugar está o Bloque 2, que busca coñecer a situación laboral das entrevistadas. Neste punto farase referencia tanto ó traballo produtivo como ó reprodutivo que realizaron durante as súas vidas. En terceiro lugar atópase o Bloque 3, presentado co obxectivo de identificar as función que

<sup>15</sup> Anexo 2.

realiza cada membro da unidade familiar. Neste apartado fanse preguntas que buscan en como o tipo de familia da entrevistada pode cambiar a súa percepción sobre o traballo que realizan as mulleres. Por último, podemos encontrar o Bloque 4, no que se pretende coñecer a opinión das entrevistadas.

Unha vez obtidos os testemuños das mulleres rurais galegas do concello de Santiso, procedeuse a analizar os seus relatos en profundidade, facendo especial fincapé na análise dos discursos. Segundo Conde (2009) o discurso social trátase dun reflexo das condicións nas que este se produce. Así, quedan nel manifestadas condicións de nivel micro, como as interaccións e dinámicas durante as entrevistas, e de nivel máis macro, como as influencias sociais e históricas. Realizouse unha análise de contido (cunha codificación inductiva) sobre a entrevista realizada. Os temas que se trataron foron a educación, a familia, o traballo produtivo e reprodutivo e a opinión destas mulleres en relación ós temas expostos. En todo momento, durante a análise non só se tratou de analizar os relatos das entrevistadas, se non que tamén, se tentou interpretar eses relatos.

A pesares de que a metodoloxía ideal<sup>16</sup> era outra, conseguise realizar 10 entrevistas, 5 por cada grupo temporal. A maneira na que se chegou a esas 10 entrevistadas foi mediante a técnica de bola de neve, a través da cal se foron logrando contactos con distintas mulleres do concello que estaban dispostas a ser entrevistadas. Esta técnica metodolóxica permitiu, a partir dunha informante inicial (E1), acceder ás demais persoas mediante unha pequena rede de contactos. Desta maneira quedou configurada a táboa tipolóxica (táboa VII), conformada por un total de 10 entrevistas: 5 a mulleres traballadoras nos anos 1970 e outras 5 na actualidade.

**Táboa VII: Matriz de categorías. Número de entrevistas realizadas segundo época.**

DÉCADA 1970	ACTUALIDADE (2020)
Mulleres 5	Mulleres 5

Fonte: Elaboración propia.

As distintas entrevistas leváronse a cabo de forma presencial, xa que a pesares de situación sanitaria, facíase imposible contactar de forma online, sobre todo, coas mulleres de avanzada idade. De todos xeitos, ningunha das entrevistadas puxo problemas á hora de realizar as entrevistas de forma presencial. En canto ás persoas entrevistadas, compre explicar que non era necesario que no momento de realizar a entrevista se dedicasen ó traballo no sector primario, pero si que o vivise na súa vida infantil e o fixesen na súa vida adulta durante algún tempo, para que puideran contar a súa experiencia entre a relación do traballo produtivo no sector agrario e do reprodutivo. A este respecto, cabe destacar a dificultade de atopar mozas que se dedicase ó sector primario, xa que, como se comentou, na década dos 70 as mulleres que se dedicaban a este sector correspondía un 62,13% do total das mulleres que traballaban en Galicia, pero, actualmente, esa

---

<sup>16</sup> Ver Anexo I.

porcentaxe descendeu ó 4,6%. Dito isto, nas Táboas VIII e IX pódense observar o perfil das entrevistadas nos dous espazos temporais que se estudan nesta investigación.

**Táboa VIII: Mulleres entrevistadas que traballaron na década dos 70.**

<b>Código da entrevistada</b>	<b>Sexo</b>	<b>Idade</b>	<b>Lugar de orixe</b>
<b>E1</b>	Muller	68	Belmil
<b>E3</b>	Muller	87	Agro do Chao
<b>E4</b>	Muller	65	Mourazos
<b>E6</b>	Muller	82	Beigondo
<b>E8</b>	Muller	75	Visantoña

Fonte: Elaboración propia.

**Táboa IX: Mulleres entrevistadas que traballan actualmente.**

<b>Código da entrevistada</b>	<b>Sexo</b>	<b>Idade</b>	<b>Lugar de orixe</b>
<b>E2</b>	Muller	42	Xoaine
<b>E5</b>	Muller	35	Novela
<b>E7</b>	Muller	29	Belmil
<b>E9</b>	Muller	48	Mourazos
<b>E10</b>	Muller	34	Pezobrés

Fonte: Elaboración propia.

## 5. Resultados.

A continuación, procederá a realizar a análise de resultados. Estes, xorden da revisión do discurso das persoas entrevistadas, de forma que, para cada un dos obxectivos formulados, se estableza unha comparativa entre o relato das mulleres rurais dos anos 70 e o da época actual.

Analizados individualmente, cada obxectivo será examinado en profundidade. Cabe destacar que, no caso de que os obxectivos xa se acadaran coa revisión bibliográfica, como estaba establecido nalgún caso, a súa explicación será máis reducida, xa que, evidentemente, encóntrase analizados en profundidade no marco teórico. Ademais, como resultado da análise de todos os obxectivos, ofreceráse unha pequena conclusión para cada un, na cal se comprobará a validez das correspondentes hipóteses. Nesta ocasión, comezaráse en primeiro lugar ca análise dos obxectivos específicos e a validación das correspondentes hipóteses para, por último, observar as diferenzas e similitudes entre o traballo produtivo e reprodutivo da muller rural galega.

### **Obxectivo: Evolución do traballo feminino en Galicia.**

Para este primeiro obxectivo pretendíase valorar a evolución do traballo no sector primario feminino en Galicia. Polo tanto o groso deste obxectivo debía ser alcanzado durante a revisión bibliográfica feita no marco teórico. De todos os xeitos, tras levar a cabo a metodoloxía, observouse que algunha das entrevistadas facía referencia a esta evolución dende o seu punto de vista, polo que tamén se utilizarán verbatim para exemplificar algunhas cuestións.

Recapitulando o xa comentado, obsérvase un claro cambio no traballo feminino dende a década do 70 ata a actualidade. Segundo Rial (2009) cando no 1860 se publicou o primeiro censo moderno en España coñeceuse que máis do 90% da poboación galega vivía no campo, e baseaba a súa subsistencia no cultivo de terra e a cría do gando. Pero, a organización demográfica, social e económica galega foi cambiando.

Unha das características que definen o campo galego, era o predominio absoluto do minifundio. Ademais, outra característica importante é que o pobo galego utilizou a emigración masculina como estratexia para aliviar a presión da poboación sobre os recursos, e o mesmo tempo contribuír á economía familiar dende outro lugar. A falta de homes produciu que a taxa de actividade feminina no 1977 en España era de 28,33%, mentres que en Galicia era de 44,86%. Na actualidade, esta taxa é moito máis similar, no caso español no 2020, este dato era de 53,03%, e no caso galego, é de 48,03%. Tras isto, enténdese que no caso galego, a taxa apenas aumentou, polo que se demostra que as galegas realizan o mesmo traballo produtivo durante o século XX e o século XXI.

No caso da economía e o tipo de actividade predominante en Galicia, o sector primario ó longo da segunda metade do século XX pasou de contar con máis do 60% dos activos da

comunidade (Docampo, 2003), a ter un valor actual do 6% (IGE). Enténdese entón que o sector primario perdeu gran parte da súa importancia na rexión, deixando paso a outros sectores económicos como o sector servizos (IGE). No caso concreto das mulleres, a representación destas no sector primario é moi similar. Mentres que na década dos 70 o 62,13% das mulleres que traballaban en Galicia facían neste sector, actualmente, no primeiro trimestre do 2020, do total de mulleres ocupadas en Galicia, so un 4,6% se dedican á agricultura e á gandaría. Este descenso produciuse en gran medida por cambios na educación, xa que mentres na década dos 70 a máxima prioridade era a alfabetización da poboación pero, iso si, creando distincións entre o nivel de estudos acadados e o tipo de educación que recibían nas aulas os nenos e nenas; na actualidade, búscase unha igualdade entre ambos sexos tanto no nivel acadado como no tipo de ensinanzas que se ofrecen. Deste xeito, no ano 2020, existe un 50% de mulleres que teñen rematados estudos de segunda etapa de educación secundaria ou a educación superior. O gran aumento no nivel de educación das mulleres, explica que estas escollan traballos noutro tipo de sectores que non sexa o agrario. En relación a isto, E8 comenta que:

“Antes a nós xa case non nos daban a oportunidade de estudar, e o único que facías era traballar na casa, a onde ías ir se non sabías nada! [...] Pero, eu nunca quixen iso pos meus fillos, quería que eles puideran decidir o que querían facer, e sempre lles insistín moito para que estudiaran todo o que puideran” (E8, Visantoña).

“Os meus dous fillos teñen carreiras, unha é profesora, e o outro é enxeñeiro... e gracias a Dios os dous teñen traballo do seu... nunca lles gustou moito o traballo no campo. Din que era moi escravo, e teñen razón... pero eu non tiven outra opción. [...] Pero si, agora xa case non hai xente na aldea, xa somos todos bastante vellos... porque a xente nova prefire outros traballos, estar na cidade e esas comodidades ás que se acostumaron durante a súa vida” (E8, Visantoña).

Ademais do traballo produtivo, sabemos que as mulleres estiveron obrigadas a realizar o traballo doméstico ou reprodutivo. A evolución deste foi moito máis limitada durante o medio século que estamos a analizar. Vimos como diversos autores explicaron que ó longo da historia os homes foron relegando ás mulleres no ámbito privado, deixando para si mesmos o ámbito público. Por exemplo, durante a maior parte do século XX, debido ó Franquismo, soamente traballaban fóra do fogar aquelas mulleres que pertencían a unha clase social baixa ou non estaban casadas, polo que as demais mulleres, debían seguir o férreo modelo de divisións sexual do traballo, articulado sobre o ideal decimonónico da muller nai e cónxuxe, que propoñía o Franquismo.

“Nos aquí na aldea traballabamos todos, daba igual o que foras que sempre había algún traballo pa facer. Pero as mulleres tamén tiñamos que limpar a casa. Bueno... limpala, facer a comida e lavar a roupa, ir pola auga, porque non penses ti que había un grifo como hai agora, tiñamos que ir por ela alá o Naval e traela en cubos” (E3, Agro do Chao).

“Acórdome cando viña meu irmán de Suiza e dicía que non quería que a súa muller traballara... que non lles facía falta, que tiña que coidar ós nenos. A min dábame moita rabia cando eu lle dicía que non lle facía falta os cuartos, se non que xa vería como se tiña que poñer a traballar, e el sempre contestaba o mesmo, a muller e a sartén, na cociña están ben” (E6, Beigondo).

De acordo ó comentado, os relatos das entrevistadas mostran que quenes estiveron encargadas sempre do traballo reprodutivo foi o xénero feminino. Despois do fin do Franquismo e a entrada de novos ideais no país prodúcense pequenos cambios en relación a este tipo de traballo. Parece que cada vez, os homes comezan a entender que o traballo reprodutivo non é unicamente cousa de mulleres e, nas novas xeracións, comézase a repartir de xeito mais igualitario as tarefas relacionadas con este tipo de traballo. E10, por exemplo, é o claro exemplo de que estas novas xeracións pretenden cambiar o sistema que leva funcionando dende fai centos de anos, “na miña casa, cada un facemos as nosas cousiñas, os dous traballamos, e non é xusto que solo un faga e limpe o que todos manchamos” (E10, Pezobrés).

Dende o punto de vista comparativo dos dous espazos temporais, e as dúas xeracións, parece a medida que foi evolucionando o tempo, fóronse producindo varios cambios. Dada a perda do poder do sector agrario na comunidade, as mulleres activas decántase por outro tipo de traballo non relacionado co sector primario. De todos os xeitos segue existindo unha pequena porcentaxe da poboación feminina activa que segue apostando por este tipo de actividade, e nun concello como o de Santiso o seu traballo é esencial. Polo tanto, entendendo que a pesar de que o número total de activos sexa moito menor a cada ano que pasa, observouse a través das testemuñas e dos datos cuantitativos que no concello de Santiso a figura feminina neste traballo é imprescindible. Dito isto, a primeira hipótese (*na Galicia do S.XXI existe unha menor importancia do sector primario, pero dentro deste, a muller segue sendo determinante*) queda validada.

### **Obxectivo: Analizar o concepto de dobre xornada laboral.**

Neste obxectivo buscábase entender e analizar o concepto de dobre xornada laboral, ou o que Balbo (1978) denominou “dobre presenza”. Unha vez máis, ademais este obxectivo cumpriuse durante a revisión bibliográfica, pero ó longo das entrevistas conseguíuse entender como opera a dobre xornada realmente, nas mulleres do campo do concello de Santiso.

Dentro da mostra de estudo, un 70% das entrevistadas afirman ter unha dobre xornada laboral. Concretamente, 4 das 5 mulleres da década dos 70 afirman que ó longo da súa vida foron elas as encargadas do traballo doméstico e, ademais, debían traballar na empresa familiar. No caso da xeración actual, o 30% afirma que na gran maioría de ocasións son elas (ou outra muller residente na vivenda) as que se encargan das tarefas do fogar. Á hora de entender o que supón para as mulleres a dobre xornada laboral foi

preciso analizar tamén a carga de horas que supón para cada muller a realización do traballo reprodutivo.

En liñas xerais, a xeración dos 70 experimentou unha situación dura, xa que, en xeral, o traballo que facían as mulleres víase ou ben como unha axuda, ou ben como o seu deber. Por unha banda, naquela época, o traballo era tratado como unha axuda porque as mulleres non recibían un salario como tal cando traballaban na empresa familiar. E6 comenta que:

“Eu nunca na miña vida tiven un soldo... mais sempre traballei arreo. O que pasa é que na miña casa todos os que estabamos faciamos as cousas que había que facer, e o que ganaba meu pai ou o meu marido cando ían á feira vender era pa comprar algo de comida ou roupa porque a que tiñamos xa estaba toda remendada... [...] Eu non sei o que é que che den uns pesos por haber traballado un día!” (E6, Beigondo).

En canto ó tempo que botaban realizando ese traballo, todas afirman que non se medía a cantidade de horas, e, polo tanto, había días nos que o computo global de horas era de 10 horas e outros nos que podía chegar a ser de 15. Segundo comenta E1 (Belmil), “depende da época había máis ou menos traballo, cando era a sega estabamos desde que empezaba a ser día ata que se poñía o sol”. Ademais da dureza do traballo, e das horas que se invertían nel, as mulleres sufrían doutra traba durante a súa vida reprodutiva. Na década dos 70 a fecundidade era máis alta que actualmente, polo que, unha muller estaba embarazada de case 3 fillos durante a súa vida. Nesta época o feito de estar embarazada non era un pretexto para non traballar, de feito, dúas das entrevistadas explican que:

“Nunca se me olvidará o mal que o pasei no primeiro embarazo. Eu levanteime pola mañá e Pepe acababa de marchar pa ganar o xornal. Eu non me encontraba moi ben, pero vestínme e fun á cociña. Mentres estaba baixando as escaleiras, rompín augas, así que ó chegar a cociña díxenllo a miña sogra. Ela que tivera 12 partos na casa, pensaba que entendía moito diso, e miroume e díxome que non pasaba nada, que a rapaza inda non nacía. Así que tiven que ir a sega con meu sogro. Xa te imaxinas... embarazada de 8 meses, despois de romper augas e eu collendo brazados de 10 quilos pa subilos o carro... Eu estaba moi mal, pero tiña que traballar, aínda que a rapaza nacera alí. O final, o chegar a casa, díxenlle a Pepe todo o que me pasara e quíxome levar o hospital, pero xa era tarde, e entón naceu alí na casa. Xa dixeran que nunca na vida volvía facer iso, aínda que me botaran da casa” (E4, Mourazos).

“Eu con 22 anos, embarazada case de 9 meses, tiven que ir arar a terra [...] Cando fun estaba ben, pero despois empeceime a encontrar mal, doíame moito a barriga, e rompín augas, así que marchei correndo, ou bueno... como podía a casa de miña nai. Ela xa me vía vir polo camiño, e xa sabía que algo pasaba. O chegar alí, case non tardei nin trinta minutos en parir. [...] E o día seguinte non porque non me



daba levantado, pero os dous ou tres días, xa volvín traballar, que remedio!” (E3, Agro do Chao).

Cabe destacar que, no transcurso desta xornada laboral, as mulleres debían deixar de realizar o traballo no campo nalgúns momentos para facer as tarefas do fogar, como facer a comida, por exemplo. Nesas intres, mentres os homes comían e descansaban, elas debían seguir traballando para satisfacer as súas necesidades. Este é o traballo que debían realizar por deber. Como se comentou, o 40% das mulleres desta xeración afirman que sempre foron elas, ou algunha muller da casa, as encargadas deste tipo de traballos. O outro 10% correspóndese a E1, que explica que anteriormente as tarefas acostumaba recaer sobre ela, pero que na actualidade, tanto ela como o seu marido están xubilados, polo que se reparten as tarefas entre os dous. É nos casos nos que as mulleres deben facer ambos traballos onde se da a dobre xornada laboral feminina.

En canto a xeración actual, as mulleres seguen sendo unha parte importante do traballo no campo. Iso si, agora reciben un salario e xa non se lles considera unha axuda, se non que, incluso en varios casos, as entrevistadas afirman que elas son as xefas da empresa familiar. Ademais, cuestións como o embarazo é algo que se ten en conta á hora de realizar este tipo de traballo. Todas as entrevistadas con fillos afirmaron que deixaron de realizar este traballo como mínimo un par de meses antes de dar a luz, e que, despois tiveron tamén varias semanas de descanso.

No caso do traballo reprodutivo, a dobre xornada laboral das mulleres viuse mermada pola contribución dos varóns á realización dalgúns das tarefas no fogar. No caso das cinco entrevistadas, todas traballan actualmente no campo. Tres delas afirman que o traballo reprodutivo recae maioritariamente sobre elas ou sobre outra muller residente na vivenda. Nos outros dous casos, as tarefas están repartidas entre ambos membros. Ó preguntar sobre esta cuestión durante a entrevista, E9 explica que:

“A min educáronme en que é unha muller quen debe facer estas cousas, porque eu de pequena tamén o vía na miña casa. Meu pai sentábase a descansar despois de traballar todo o día, e miña nai que fora con el ó traballo, pois que facer a cena, lavar a roupa, fregar o chan ou que que fose. [...] Se o penso, pois non me parece xusto, porque eles ensucian igual ca nós... pero mira, acórdacheme fai uns anos que me operaron, e estiven varios días na cama... e os nenos inda non eran moi grandes... terían sobre 13 e 10 anos, ou así, máis ou menos.. e claro, eles saían do colexio e había que terlles a comida preparado porque traían moita fame... e estiveron os rapaces comendo unha semana macarróns e ovos fritos con patacas. Moi mal! Dígoche que o día que eu falta, ó meu home cómeo a merda, e aliméntase de auga, porque pa estas cousas non vale!” (E9, Mourazos)

Pola contra, encontrámonos ante o relato de E10, que argumenta que tanto a ela como ó seu home na casa dos seus pais lle ensinaron a facer todo o que tiña que ver coa casa e que, cando decidiron casar e ir vivir xuntos, acordaron que sempre que fose posible as

tarefas estarían repartidas entre os dous, porque se os dous traballan fóra da casa as mesmas horas, o xusto é que dentro da casa tamén sexa así. De feito, esta mesma entrevistada explica que mentres ela estivo embarazada do seu fillo, ós seis meses xa deixou de facer practicamente todos os traballos que habitualmente facía fóra da casa, para estar máis tranquila e levar un mellor embarazo. Pero, como xa non traballaba no campo, acordou co seu marido que a maioría das tarefas do fogar as realizaría ela. Esta situación alargouse ata que o neno tivo ano e medio, momento no que comezaron a levalo a unha gardaría para que ela puidera volver á normalidade.

Tendo en conta todas as experiencias en torno a un e a outro traballo, enténdese que a maioría das mulleres seguen obrigadas a realizar dobres xornadas, pero, grazas a que por iniciativa propia, ou pola educación recibida durante a infancia, comeza a haber varóns que entenden que o traballo reprodutivo non é so cousa de mulleres, e en conxunto intentan que no seu fogar, o traballo reprodutivo se realice por igual. Deste xeito, válidase a segunda hipótese (*Na Galicia dos anos 70 había unha maior predisposición a que as mulleres realizasen dobres xornadas laborais*) xa que eran as únicas encargadas do traballo reprodutivo.

### **Obxectivo: Influencia dos cambios educativos e demográficos na vida das mulleres galegas**

Para este obxectivo buscábase coñecer a influencia que tiveron os cambios educativos, políticos e demográficos que se produciron en España e Galicia durante o final do S.XX para ver como estes repercutiron sobre a vida e o traballo das mulleres galegas. Desta forma, durante a entrevista a ambas xeracións realizáronse preguntas acerca da educación recibida ou do tipo de familia na que naceron, e a que formaron cando se casaron.

No caso da xeración da década dos 70, E4 relata a través do exemplo concreto que observa entre ela e a súa filla a cerca de como a educación supuxo un cambio de pensamento tremendamente grande entre as dúas xeracións. Concreta que non so fala do nivel adquirido, se non do tipo de aprendizaxes que lle ensinaban ás dúas dende xa ben pequenas. En canto a isto, E4 explica:

“Cando estabamos no colexio, nós tiñamos unha especie de pizarra e unhas tizas. Nela, dependendo do que deramos ese día faciamos un exercicio e borraríamos, e faciamos outro e volvimos borrar... e así sempre. [...] Eu creo que tiñamos poucas asignaturas... ensinábannos a ler e escribir e despois as catro regras básicas das matemáticas e nada máis. [...] Ai bueno!... tamén tiñamos que aprender o rosario, mais ás mulleres ensinábannos a bordar a coser” (E4, Mourrazos)

“Cando a miña filla estaba na escola xa era todo moi diferente. Tiñanche unhas asignatura para cada cousa, e xa non había nada diso de coser nin nada. [...] E creo que relixión tiñan, pero bueno non daban nada diso, porque eu creo que nin sabe rezar o padre nuestro, imaxínate o que lle ensinaron! Nada!” (E4, Mourrazos)

Cando se lle preguntaba porque pensaba que ocorría esta situación, afirmaba que a eles lle ensinaban as catro cousas básicas porque era necesario “pa defenderse cando ías a feira” (E4, Mourazos), por exemplo. Cree que non se buscaba que de aí saíra alguén estudiado xa que, segundo conta E6 (Beigondo) “deixábamos de ir a escola porque a profesora non sabía ensinarnos máis cousas, e non mandaban outra pa seguirmos preparando nin nada”. En canto á preparación que reciben as novas xeracións todas as entrevistadas fan referencia a gran importancia que este supón nas vidas desas mulleres, mesmo E3 (Agro do Chao) di “as novas serán o que queiran ser, nos fomos o que nos mandaron, e iso non o quero eu pa nadie... é moi complicado vivir unha vida que non che gusta, e non poder facer nada porque non tes onde caer morta”. Desta maneira, reivindicando a importancia dos estudos para que unha muller poida acadar a liberdade, e incluso a felicidade.

En canto ás novas xeracións, o seu discurso acaba caendo na idea da importancia do estudo para as mulleres. Consideran que houbo moitas mulleres que non puideron elixir a que dedicar á súa vida. De feito, E9, a única da nova xeración que non ten estudos superiores, explica que ela traballa no campo porque sempre lle gustou, pero que moitas veces, ó ver á súa filla “non podo deixar de sentir envidia da sa por ela, pode chegar tan lexos, ten todo o que lle podemos dar para que sexa feliz, ten opcións para selo [...] eu non tiven tantas”. Ó respecto do tipo de ensinanzas que se lles daban na escola, todas recalcan que eran materias iguais para todos, e en ningún caso se ensinaba algunha que tivera que ver co traballo reprodutivo.

No relativo ós cambios demográficos e sociais xa se observou no marco teórico como a emigración, os novos modelos de familia ou as familias extensas propias da comunidade galega, evolución do número de fillos por muller ou cuestións como alargamento da duración media da vida e o mantemento dun estado de saúde aceptable fixeron que a vida das mulleres fose cambiando e adaptándose ás novas situacións. Cando se lles preguntou acerca de que maneira podía influír o feito de casar ou ter fillos, a xeración dos anos 70 apunta que non se producían cambios máis que o cambio de residencia. Pola contra, catro das entrevistadas da xeración actual afirman que, antes de casar decidiron convivir coa súa parella un tempo. O tipo de convivencia dos fogares galegos tamén é unha característica a ter en conta. En todos os casos, nalgún momento das súas vidas viviron en fogares nos que había tres xeracións distintas, e actualmente seis das entrevistadas concordan en que residen en fogares onde hai dúas ou tres xeracións. Nesta liña, E2 explica que “é moi típico vivir nunha casa varias xeracións... porque como ó final os que somos a xeración do medio somos os que temos que estar pendentes dos mais novos ou mais maiores, e é mais cómodo estar todos no mesmo sitio” (E2, Xoaine).

Cabe destacar que á hora de comentar os cambios que se foron producindo durante finais do S.XX, a maioría das entrevistadas chegaron á conclusión de que unha das mellores aportacións que trouxeron estes cambios foi a liberdade que supuxo para as mulleres. A igualdade na educación, o aperturismo a novas ideas co fin do Franquismo, a necesidade

das mulleres de entrar definitivamente no mercado laboral, o descenso do número de fillos, e incluso o aumento da duración media da vida nun estado aceptable dos maiores, supuxo para elas maior liberdade á hora de escoller o seu traballo e de levar adiante a súa vida. Aínda que varias das entrevistadas da nova xeración afirmaron convivir con xeracións de maiores na casa, excepto nun caso, todas elas argumentan que de momento, non supón un problema nin un traballo extra na súa vida cotiá. Concretamente, E5 e E7 comentan que:

“Miña sogra vive con nós na casa, pero como de momento están ben, inda é ela a que nos quita traballo a nós... porque case todo o que ten que ver coa casa o fai ela. [...] Está claro que o día que o necesite, pois será unha carga de traballo... pero tamén agora é ela que nos coida ó neno... así que o comido polo servido” (E5, Novela).

“Nós vivimos solos na casa... pero meus pais están na casa do lado, e meus sogros a un kilómetro tamén. [...] Con meus pais aínda vive miña avoa, pero a verdade é que non da moito traballo entón eu case fago a miña vida sen estar pendente de nada. De momento non teño fillos, e tampouco teño que coidar a nadie, así que unha vez fago o meu traballo podo ir por aí adiante sen darlle explicacións a nadie” (E7, Belmil).

Tras as experiencias recollidas durante as entrevistas, é posible definir a importancia dos cambios demográficos, educativos, sociais ou políticos como feitos que repercuten de forma negativa e positiva no traballo da muller rural galega. En base a estes cambios, a xeración actual sufriu unha mellora substancial en relación á xeración dos 70. Por este feito, non podemos validar a hipótese 3 (*os cambios que se foron producindo na sociedade galega non ofreceu máis liberdade á muller*).

### **Obxectivo: Coñecer cal e como é o traballo que realizan as mulleres do rural galego dunha e outra época.**

Para o último obxectivo, a idea fundamental era coñecer de primeira man as distintas tarefas que conformaban o traballo produtivo e reprodutivo da década dos 70 e da actualidade. Con esta finalidade preguntóuselles as mulleres entrevistadas que tipo de actividades realizaban os homes e mulleres de distinta época. Ademais, tamén se prestou especial atención ós motivos que ofrecían as testemuñas en relación a esa diferenciación.

En primeiro lugar, na súa infancia, as crianzas da década dos 70 debían realizar traballos axeitados á súa condición. É dicir, os traballos que realizaban estaban adaptados á súa forza e xénero. Para o caso da Xeración dos 70, E3 comenta en relación ó traballo produtivo que no rural tanto homes como mulleres se viron obrigados dende venenos a realizar calquera tipo de tarefa na que puideran axudar á empresa familiar. Lener (1986) explica que en todas as sociedades dende o estado arcaico os nenos sempre foron considerados como unha boa axuda como man de obra para a agricultura. A importancia

que adquirían as crianzas na década dos 70 para o traballo produtivo era enorme, chegando incluso en algunha ocasión a abandonar puntualmente a escola cando eran máis novos, ou de forma definitiva a moi curta idade. En relación a isto E1 comenta que:

“Os rapaces desde ben pequenos tiñamos que traballar. Aquí onde eu vivía ó que máis e ó que menos tocáballe facer algo. [...] No meu caso, como meus irmáns e meus pai ás veces ían buscar o xornal por ahí, quedabamos miña nai máis eu na casa. E claro, había que facer todo o traballo igual aínda que houbera moita menos xente, por iso eu había días que non ía a escola, ou que ía un cacho pero a profesora tíñame que deixar marchar a unha hora pa levar as vacas o prado, porque mentres eu facía iso, miña nai facía outro traballo... así cando os homes chegaban estaba todo feito” (E1, Belmil).

“Eu tiven que deixar de estudar cando acabei o que daba a profesora. Ela xa non sabía explicar ningún curso máis. [...] Porque se quería seguir indo tiñamos que ir bastante lonxes e na miña casa non podían mandarme e que estivera alí todo o día, porque facía falta na casa, e como ler, escribir, e sumar, restar e esas cousas as sabía facer pois xa pensaron que era suficiente” (E1, Belmil).

Tras estes relatos enténdese que naquela época a educación das mulleres non era unha parte importante, e imprescindible, para a súa vida. En xeral todas afirman que foron á escola, e que saben o básico, pero ningunha tivo oportunidade de ampliar o seu nivel de estudos. De feito, pola importancia que tiña a man de obra gratuíta das crianzas na economía familiar, moitos víronse obrigados a deixar de ir á escola para traballar.

Cando se lle pregunta a esta xeración que describisen o tipo de actividade que realizaban, foi chamativo a variedade de tarefas. Por exemplo, E3 e E6 comentan que:

“Na miña casa faciamos todo o que podíamos. Eu teño 4 irmáns, 3 homes e 1 muller. Os homes son os máis maiores e ían facer o carbón, ou buscar o xornal por ahí [...]. Miña irmá máis eu quedabamos na casa, eu con 8 anos xa quedaba sola con ela pa coidala e darlle a comida. E mentres estaba alí con ela facía a cama, ou limpaba algo, levaba as vacas ó prado... facía o que me mandaban. Despois cando xa tiña 4 ou 5 anos mais xa traballaba case coma miña nai. [...] Como deixei a escola con 12 anos.. pois xa tiña que traballar todo o día coma un adulto, e ou me quedaba na casa facendo as cousas todas, ou ía cos animais, ou por auga pa traela nos cubos...” (E3, Agro do Chao).

“Había diferencias entre os nenos e as nenas... eles xa marchaban cos homes, e nos xa tiñamos que quedar con nosas nais nas casas aprendendo esas cousas. Tamén é verdade que a min se me mandaban arar ou rozar non daba que non tiña forza, pero miña nai fíxocho moitas veces! [...] Home, non sei...diferencias había si, pero bueno, ó final os rapaces faciamos o que podíamos e xa está, todo o que puideramos axudar era ben. [...] na casa meus irmáns nunca fixeron nada... xa

collían as manías dos outros homes e pa que se ían molestar se había quen o facía” (E6, Beigondo).

É destacable a división sexual do traballo que se producía xa nas crianzas. Nesta liña, e seguindo o anterior relato, E4 comenta que había tarefas que se as realizaban todos por igual, como podía ser levar ós animais a pastar ou muxilos. Pero, tamén había diferenza nalgunhas outras tarefas, por exemplo, esta mesma entrevistada, en relación ás tarefas, comenta que tanto ás nenas como ás mulleres se lles mandaba facer traballos máis sinxelos os cales non requiriran moita forza, xa que nese caso, o traballo debía ser realizado polos varóns. Por exemplo, levar o gando a pastar, ou plantar unha horta eran algunhas das tarefas que realizaban as mulleres, mentres que rozar ou arar eran “traballos de homes” (E4, Mourazos). Xa Labrada (1971) argumentara que os homes realizaban as tarefas máis duras do campo, e as mulleres axudábanlle naqueles traballos que eran máis proporcionados ás súas forzas, sen esquecerse das tarefas do fogar e o coidado das crianzas e dos maiores. Mais tamén é certo, que no relato destas mulleres, E6 comentou en algunha ocasión que a súa nai facía o mesmo traballo ca seu pai; e E8, trala morte prematura do seu pai, argumenta que súa nai viuse obrigada a realizar eses traballos forzosos aínda cando estaba embarazada do seu último fillo. Isto demostra que, aínda que en xeral, os traballos máis duros se reservaban para os homes, había casos nos que as circunstancias obrigaban as mulleres a realizar ese traballo que era “de varóns”.

No relativo á xeración actual, a situación é moi distinta. Excepto E9, a máis maior deste grupo, todas argumentan que de pequenas nunca fixeron ningún traballo para axudar na empresa familiar e, moito menos, abandonaron a escola para traballar. A obriga de ir á escola, e de non poder usar ós nenos para o traballo, cambiou as dinámicas destas empresas. Mais, é verdade, que na adolescencia destas mulleres, despois de acudir ó colexio, eran elas coa axuda (nalgunha ocasión) dos seus irmáns as que tiñan que facer algunha tarefa no fogar. Xa na súa vida adulta, a situación tamén é diferente con respecto á xeración dos 70. Mentres que no relato da década dos 70 o traballo produtivo era realizado polos homes, e as mulleres se apreciaban como unha axuda, para a nova xeración o seu traballo no campo é valorado, non é considerado como unha axuda, e está pagado. No caso de E2, por exemplo, ela é a dona da empresa agraria, xa que o seu marido traballa nunha empresa privada.

Unha característica pouco tratada ata o de agora, pero moi relevante para a nova xeración, é a importancia que lle dan ós avances e as tecnoloxías para o seu traballo no campo. Seguindo o relato de E2, cando se lle pregunta pola dificultade que teñen certas tarefas no campo, explica que na actualidade, coas novas tecnoloxías e o uso de novos apeiros o traballo no rural é moito mais sinxelo, e non existen xa tantos traballos que necesiten de forza e que, ademais, estas máquinas tamén reducen moito o tempo de traballo. No caso de E5, explica:

“Eu utilizo toda a maquinaria que temos na explotación. Se teño que ir arar, engancho o arado ó tractor e alá me vou. E o mesmo se teño que cisternar, ensilar...

[...] Si que é verdade, que eu esas cousas fágoas se o meu home está facendo outras e non hai quen o faga, pero.... se me poño a escoller, prefiro facer algunhas tarefas e non outras. [...] Pois mira, andar ca grade, ou enrolar... son cousas que non me gustan tanto, e dígolle o meu marido que as faga el” (E5, Novela).

“O tempo que che aforran estas máquinas é moito. Home, antes tiñas que arar unha finca de 1 hectárea cunha vaca, imaxínate a velocidade, estabas alí todo o día como mínimo. Agora vas cun tractor e acabas en 45 minutos... está claro que antes había menos fincas que traballar, pero aínda así eu creo que seguimos ganado en tempo aforrado” (E5, Novela).

Por outro lado, en canto ó traballo reprodutivo, o modo e traballo e as tarefas a realizar son distintas, pero seguen recaendo na súa maioría sobre as mulleres. As cinco entrevistadas desta xeración manifestaron distintas opcións en canto a quen realiza as tarefas no fogar. E2 e E10 expresaron que na súa casa as tarefas estan repartidas por igual entre elas e o seu marido, mais E2 fai fincapé en que cando un fillo ou un familiar necesita ir ó hospital, por exemplo, é ela quen se encarga de ese traballo, xa que argumenta que é máis cómodo para a unidade familiar, porque no traballo do campo existe unha maior flexibilidade de horarios que na empresa privada, na que traballa o seu marido. E7 e E9 declaran que as tarefas do fogar recaen maioritariamente sobre elas. Por último, E5 argumenta que na súa casa, ademais do seu marido e o seu fillo, vive tamén a súa sogra, e que é esta última a que se encarga da maioría das actividades domésticas. Mais, E5 tamén recalca que:

“Cando hai que levar o neno ó medico, hai algún reunión na escola, ou hai que levalo a algunha actividade das que ten polas tardes sempre son eu a que realiza ese traballo... ou bueno, tamén algunhas cousas de miña sogra, xa che digo, fágoo eu... o meu marido di que prefire que o faga eu porque me entero mellor... iso é unha tontería pero, facer hai que facelo” (E5, Novela)

Á hora na que fan referencia ás tarefas que se realizan actualmente no fogar, as posibles diferencias que aprecian con xeracións anteriores, todas recalcan que aínda que agora hai máis tarefas para facer nunha casa, tamén son máis sinxelas, pero que a cantidade de tempo é maior. Hai máis tarefas porque segundo recorda E10 do que lle ten contado súa nai e súa avoa:

“Antes facíase a comida, coidabas os nenos, as camas, pasábase unha xesta polo solo e lavábase a roupa no río ou no lavadoiro común... [...] Agora temos que facer iso pero temos a axuda de máquinas, pero e que inda por riba hai que pasar a aspiradora, limpar todos os días porque se non éntache calquera na casa e xa pensa que es un porco... tamén se coidan os nenos e os maiores moito máis tempo ca antes e con máis atencións...” (E10, Pezobrés).

“Pasamos nos moito máis tempo facendo as cousas da casa, e estando pendentes de quen o necesita. Antes facíase o esencial, pero e que agora eu hai días que estou 5 ou 6 horas coas cousas da casa... e polo que me conta miña nai antes non tiñan tanto tempo pa andar facendo as cousas da casa, daba máis ganancia o traballo de fóra” (E10, Pezobrés).

Pero, ó contrario que ocorría coa xeración da década dos 70, nesta ocasión hai homes que toman partido e realizan parte das tarefas da casa. Estes pequenos cambios están explicados na táboa II<sup>17</sup> do emprego reprodutivo do tempo diario entre homes e mulleres. Por exemplo, na actualidade, as mulleres realizan un total de 4’7” diarios ás tarefas do fogar, mentres que, nos homes, esta cifra redúcese a 1’54”. Polo tanto, ó igual que na mostra da investigación, obsérvase que as mulleres seguen desempeñando a maior parte deste traballo nos fogares, pero, comezan a existir casos nos que a realización deste traballo tamén recae sobre os varóns, o que co paso do tempo, fará incrementar esta cantidade de horas diarias.

Tras repasar cales e como eran os traballos de ambas xeracións, é posible definir que antigamente as mulleres realizaban diversas prácticas no campo, pero, en moitas ocasións as súas actividades eran mais sinxelas e non necesitaban de tanta forza como a dos homes. No caso actual a situación é bastante distinta xa que, coa axuda das novas máquinas agrícolas, ten a mesma dificultade realizar un traballo para un xénero como para o outro. En canto ás actividades do traballo reprodutivo, destaca a maior cantidade e sinxeleza das tarefas da actualidade; e, ademais, a incorporación nestes últimos anos do home á realización deste traballo. Deste xeito, a hipótese 4, (*As tarefas que deben realizar as mulleres da actualidade son mais sinxelas, pero iso non repercute nunha diminución de horarios*) quedaría validada.

---

<sup>17</sup> Explicada no marco teórico. Apartado 2.3.1.



## 6. Conclusións.

O presente traballo xurdía co obxectivo de comparar as diferenzas e similitudes da vida e do traballo das mulleres rurais do concello de Santiso, na década de 1970 e na actualidade, para poder observar se realmente realizaban, e seguen realizando unha dobre xornada laboral. Para levar a cabo este fin propuxéronse unha serie de obxectivos específicos, a través dos cales orientar a investigación e coñecer en profundidade diversos eidos da realidade das mulleres que traballan no rural. Unha vez analizados os obxectivos específicos podemos realizar as conclusións en relación ó obxectivo xeral da investigación.

Por unha banda, podemos concluír varias semellanzas entre ambas xeracións. En canto á educación, todas elas foron á escola e, a todas, ben fose na escola ou na casa, lle ensinaron a realizar as tarefas do fogar. En relación a familia seguen a tendencia galega da convivencia de varias xeracións en un mesmo fogar, ademais de que todas casaron, cambiaron de fogar ó facelo, e o 80% traballa na empresa familiar, da cal é dono o seu marido. En canto ó traballo produtivo todas recalcan que nalgún momento da súa vida o realizaron e que traballaban aproximadamente as mesmas horas que o seu marido. O traballo reprodutivo segue a mesma dinámica comentada durante toda a investigación, o 80% das entrevistadas afirman que son elas, ou outra muller que vive no fogar, quen se encargan destas tarefas. Por último, en canto á súa opinión en cuestións como a igualdade en ambos traballos, o 100% opinan que tanto a muller como o home, poden e deben, traballar fóra da casa, e que dentro desta as tarefas deben estar repartidas, xa que a maioría delas consideran que os homes son tan capaces como as mulleres de realizar este tipo de traballo.

Por outra banda, son máis as diferenzas atopadas entre as dúas xeracións que se están a comparar. Con relación á educación, a xeración da década dos 70 ten un menor nivel de estudos, ademais dun plan de sinaturas enfocado principalmente á alfabetización, e no caso das mulleres, ó estudo de diversas tarefas relacionadas co fogar e a relixión. En canto ó tipo de educación que recibiron na casa, e a que elas ofreceron ós seus fillos, todas elas afirman que no seu fogar non se educaba ós nenos nas tarefas do fogar e que elas tampouco o fixeron cos seus fillos. Conforme á familia, o número medio de fillos diminuíu dunha xeración a outra<sup>18</sup>, aumentou a media de idade da maternidade e, ningunha muller da xeración dos 70 conviviu ca súa parella antes de casar, suceso que si ocorreu en todos os casos da nova xeración. Respecto ó traballo produtivo, a xeración dos 70 non contaba nin con seguridade social, nin cun salario, nin con baixa por maternidade, pola contra todas as entrevistadas da xeración actual, sí. Ademais, durante as entrevistas, recalcouse que a diferenciación de tarefas que se producía antigamente xa non ocorre do mesmo xeito grazas ás novas tecnoloxías para o campo, ademais de que actualmente xa non se conta con man de obra como a das crianzas. O traballo reprodutivo é no que menos

---

<sup>18</sup> Na xeración dos 70 tiveron unha media de 2,9 fillos; mentres que na xeración actual a media sitúase en 1,4.

diferenzas se atopan con respecto á nova xeración, pero a grandes rasgos pódese destacar que, 2 das 5 entrevistadas da xeración actual afirman que as tarefas do fogar son compartidas entre ela e o seu marido de forma igualitaria, suceso que non ocorría na xeración actual, nas que un home en ningún momento se facía cargo deste traballo. Ademais, cabe destacar que todas as entrevistadas recaen na mesma idea, na actualidade hai máis tarefas e, aínda que sexan máis sinxelas, é necesario invertir moito máis tempo na súa realización. Por último, en canto ás diferenzas nas opinións, fíxose importante recalcar o pouco ou nulo valor que sentían que se lles daba ás traballadoras de décadas pasadas, mentres que as da actualidade afirman sentirse cada vez máis importantes, visibles e valoradas no seu traballo.

Tras isto, queda claro que existen máis diferenzas que similitudes no traballo que realizan as mulleres da actualidade co que realizaban as mulleres de hai medio século. Polo tanto, a derradeira hipótese, relacionada co obxectivo principal (*No rural, non podemos atopar diferenzas significativas na vida e traballo, entre as mulleres dunha e outra época*), non pode validarse.

Nun plano xeral, pódese afirmar que se lograron acadar con éxito os obxectivos establecidos. Tanto a comparativa xeral do traballo feminino como a análise concreta da evolución xeral do traballo en Galicia, ademais da análise da evolución demográfica e educativa e a distinción das tarefas que debían realizar un e outro xénero no traballo produtivo e reprodutivo, foron posibles debido o traballo de campo que se levou a cabo.

Do recollido nas entrevistas pódese extraer, en primeiro lugar, que existen moitas máis diferenzas que similitudes entre o traballo feminino dunha e outra época. No caso da educación existe un maior nivel de estudos entre as entrevistadas da xeración actual, e isto propicioulles unha experiencia laboral diferente. Ademais, este grupo de entrevistadas teñen pensado educar, ós seus fillos na realización das tarefas do fogar, mentres que, ás mulleres da década dos 70 non lles foi posible en moitos casos pola ideoloxía dos seus maridos ou das demais persoas que convivían no fogar.

En relación á familia tamén se produciron grandes cambios. Por exemplo, a media de fillos das entrevistadas da xeración dos 70 é de 2,9; mentres que, na xeración actual é de 1,4, que aínda situándose por riba da media galega, é moi inferior á década dos 70. Tamén é importante para a vida destas mulleres o feito de convivir coa súa parella antes da voda. Na actualidade, todas elas conviviron ca súa parella antes de dar ese paso, pero, na década dos 70 non ocorreu do mesmo xeito.

Dende o punto de vista do traballo, tanto no produtivo como no reprodutivo sucederon varios cambios. En canto ó primeiro, cabe destacar que en ningún caso as mulleres da xeración do século pasado tiveron un soldo polos traballos que realizaban no campo, todo o seu traballo contribuía a economía familiar. Pola contra, todas as traballadoras da nova xeración reciben un salario polo seu traballo, e mesmo unha delas, é a dona da explotación. Nesta esfera, tamén se producen diferenzas entre o traballo dos nenos, ou o

tempo de descanso antes e despois do embarazo. En canto o segundo traballo, o reproductivo, segue sendo moi importante a falta de homes que realicen estas tarefas, mais, aínda así cabe destacar que na nova xeración, dous varóns tomaron conciencia e, no seu fogar, repártense as tarefas. Ademais, outras características que se explican para este traballo é que no século pasado as tarefas eran menos, pero acarreaban máis traballo; pola contra, na actualidade, son máis as tarefas a realizar, a aínda que son máis sinxelas o traballo reproductivo en si leva máis tempo.

Por último, en canto á opinión das entrevistadas a algunhas cuestións que se lle presentaron, en xeral, creen que anteriormente existía unha menor valoración social do traballo da muller, colocándoa sempre nun segundo plano e como “axuda” á economía familiar. Agora, o seu papel é moito máis visible e valorado tanto dentro do seu fogar, como socialmente.

En liñas xerais, conclúese que realmente existe un cambio no tipo de traballo e no tipo de actividade que realizan as mulleres na esfera pública. Mais, a pesar de que se comezan a ver algúns cambios, as mulleres do rural de Santiso aínda seguen a realizar única e exclusivamente elas unha dobre xornada laboral. Tras a revisión bibliográfica e as entrevistas, pode intuírse que nun futuro a situación seguirá cambiando cara unha posición máis igualitaria entre homes e mulleres, xa que, tal e como se puido comprobar ó longo das páxinas deste traballo, existen numerosos cambios ó longo destas 5 décadas: O que antes era invisible, agora é valorado. O que antes parecía imposible de cambiar, cambiou. Pero, segue existindo unha obriga para o xénero feminino; a casa e o coidado.

## 7. Fortalezas e debilidades do traballo.

Dende un primeiro momento, a idea deste estudo descansou sobre dous piares fundamentais: abordar unha investigación dentro do marco galego e tratar un fenómeno fortemente arraigado na sociedade. Dentro deste campo, decidiuse optar por un plano comparativo, optando polo estudo de dúas xeracións separadas polo tempo e polas características das súas vivencias. Máis adiante, tras delimitar o eido de estudo en canto ó traballo produtivo e reprodutivo no concello de Santiso, foi cando se comezou a delimitar a metodoloxía.

No apartado metodolóxico optouse por un enfoque cualitativo fundamentado na entrevista focalizada, a partir da cal recoller os relatos de 5 mulleres de cada xeración. As entrevistas resultantes serían analizadas en profundidade por un lado, así como enfocadas e clasificadas segundo a temática do seu discurso. Este plan inicial viuse afectado, obrigando a modificar lixeiramente a metodoloxía. É neste punto onde xorden as primeiras dificultades, que posteriormente se traducirán nas distintas debilidades do traballo.

No caso das debilidades intrínsecas, pódese destacar o número de persoas entrevistadas. Debido a que contar con 10 informantes foi unha decisión arbitraria, pode considerarse que o número era demasiado pequeno como para obter uns resultados significativos. Como solución a este posible déficit, mantívose na recámara a posibilidade de aumentar o número de encontros se a situación así o permitía, e se daba a oportunidade. De igual forma, ó traballo poderíasele esixir un maior apoio cuantitativo. Se ben a idea fundamental do traballo era recoller testemuños subxectivos e relatos persoais dos distintos individuos, unha maior presenza de datos ou enfoques cuantitativos outorgaríanlle maior consistencia ó traballo. Neste aspecto cabe mencionar os cadros e táboas presentes no marco teórico, as cales representan datos comparativos que en moitos casos non chegan á década dos 70, xa que, nesa década, non se realizaban nin informatizaban, tantas investigacións como actualmente. Precisamente, esta falta de datos limitou en algunha ocasión a comparativa.

Pola súa parte, a actual pandemia de COVID-19 xerou unha serie de dificultades engadidas que, á larga, derivaron nunha serie de debilidades extrínsecas do traballo. O caso máis salientable foi o das entrevistas, as cales se viron modificadas en número: de 12 entrevistas pasou se a un total de 10 (5 para a Xeración Actual e 5 para a Xeración da década dos 70). Ademais, cabe mencionar outras dificultades como os horarios elixidos<sup>19</sup> polas entrevistadas para realizar as entrevistas.

---

<sup>19</sup> Á hora de concretar un horario para realizar as entrevistas, a maior parte das entrevistadas, debido a que o rural non ten horarios fixos, e menos cando ademais do traballo no campo tes que realizar tamén o do fogar, decantáronse por realizar as entrevistas a largas horas da tarde. É dicir, varias das entrevistas realizábanse despois de elas facer toda a xornada laboral, polo que nalgúns casos xa estaban cansas e baixas de ánimo. Eso, evidentemente, repercutiu no seu relato.

Sen embargo, o traballo tamén conta con fortalezas que cabe destacar. En primeiro lugar, e baseándonos na bibliografía consultada, o enfoque comparativo de todos os temas tratados nesta investigación, non é común nos traballos nos que se analiza a dobre xornada feminina. A este respecto, ó comparar dúas épocas tan opostas entre si permite ver as dúas caras do dobre traballo que realizan as mulleres no rural: unha pasada, na que ese traballo era máis invisible, ou no que a muller era tratada como unha axuda; outra actual, na que os roles comezan a mudar a pequenos pasos, e o traballo da muller considérase esencial para a economía familiar. En segundo lugar, a pesar das dificultades, as entrevistas presentadas son o suficientemente profundas como para dar resposta ós obxectivos marcados, así como para validar e refutar as hipóteses correspondentes. Ademais, a pesar da dificultade de horarios que apareceu nalgún caso para a realización das entrevistas, é importante recalcar a boa vontade das entrevistadas, as cales puxeron todo da súa parte para ofrecer un relato o máis verídico posible. Polo que, en ningún momento, podemos entender as entrevistas realizadas como un punto débil da investigación, se non todo o contrario.

O presente traballo posúe puntos fortes e puntos débiles. Estes, poderían ser potenciados e compensados, respectivamente, en futuras liñas de investigación, as cales serán comentadas brevemente no seguinte punto. O mencionado ó longo destas páxinas poderían engadírselle novos enfoques e perspectivas, tendo en conta que un fenómeno tan amplo como a dobre xornada laboral feminina, sempre deixa camiños que transitar, e variables que analizar.

### **7.1. Futuras liñas de investigación.**

A importancia que ten o xénero feminino para a produción e reprodución social, xunto coas moitas desigualdades ás que se enfrontan nestas esferas, fan deste tema un asunto de relevancia social e de actualidade. A complexidade do tema tratado na investigación viuse marcado polo tempo que se dispón para realizala, polo que, dende un principio optouse por realizar da mellor forma posible unha boa base teórica para poñer en contexto as distintas situacións que viviron e viven as mulleres rurais de 1970 e da actualidade. En canto ó deseño metodolóxico optouse por unha elección común á hora da recompilación de datos cualitativos e que, ademais, é a que mellor respondía ós obxectivos. Debido ás complicacións e limitacións que supón en canto a tempo e recursos, hai certas cuestións que poderían ser melloradas nun futuro. Delimitáranse a continuación, algunhas das formas nas que se podería ampliar a investigación para, por exemplo, alcanzar obxectivos máis ambiciosos.

Por unha banda, dadas as evidentes faltas de datos cuantitativos nalgunha ocasión, sería moi interesante realizar nun futuro unha metodoloxía mixta<sup>20</sup>, na que se incluíra unha enquisa para a medición do tempo reprodutivo na actualidade, por exemplo. Por este

---

<sup>20</sup> Descrita no Anexo I (Metodoloxía ideal).

motivo, ofrécese en no Anexo II deste traballo unha enquisa<sup>21</sup> que podería servir para ampliar unha investigación futura que teña como base a aquí presente.

Por outra banda, ampliar o número de zonas a estudar. Vimos como a zona analizada pertencía á Galicia central ou de interior, mais tamén sería moi interesante levar este estudo ás outras áreas rurais (eixo atlántico e zonas de montaña). Deste xeito, conseguiríase unha visión máis ampla das diferenzas entre unha e outra xeración en todas as áreas rurais nas que se divide a comunidade galega. Se o estudo se puidese realizar, polo menos, en un concello por cada unha das áreas, os resultados e as conclusións serían moito mais representativas da realidade galega en canto ó traballo feminino no rural.

---

<sup>21</sup> Basada no cuestionario realizado polo CIS no estudo 2942. Familia e xénero (II).

## 8. Bibliografía.

Almendros González, M.A. (2002). *Familia y trabajo: Comentario práctico a la Ley de conciliación de la Vida Familiar y laboral: aspectos laborales*. Granada: Comares

Arendt, H. (2012), *La condición humana*. Buenos Aires, Paidós.

Beauvoir, S. (2000/1949): *El Segundo Sexo. I. Los hechos y los mitos y II. La experiencia vivida*, Madrid, ed. Cátedra.

BBVA (2015). Situación Galicia. Primer semestre de 2015.

Benería, L. (1999). La aparición de la economía feminista. *Historia Agraria*, 17, 59-61.

Berger, S. (2008). Desarrollo y economía feminista. *Umbrales. Eb: Género y desafíos post-neoliberales*, 18, 13-34.

Braun, V. & Clarke, V. (2006). Using thematic analysis in psychology. *Qualitative Research in Psychology*, 3(2).

Brunet, I; Santamaría, C. (15 de junio 2015). La economía feminista y la división sexual del trabajo. *Culturales*, 4 (1), 61-86.

Campillo, F. (2000) El trabajo doméstico no remunerado en la economía. *Nómadas*, 12 98-115.

Capel, R.M. e Ortega, M. (2007). El trabajo de las mujeres del campo y la economía familiar en la Galicia Moderna. *Revistas de la Universidad de Granada*, 13(1), 7-37. Recuperado de: <https://revistaseug.ugr.es/index.php/arenal/article/view/2989>

Carrasco, C. (1992). El trabajo de las mujeres: producción y reproducción (\*) (Algunas notas para su reconceptualización). *Cuadernos de Economía* (vol. 20).

Carrasquer, P., Torns, T., Tejero, E., y Romero, A. (1998). El trabajo reproductivo. *Papers. Revista de sociología*, 55, 95-114.

Castells, M. (1997). *La era de la información: economía, sociedad y cultura* (Vol. I). México D.F.: Siglo XXI.

Castro, R. (1880). *Follas Novas*. Xerais.

Cobo, R. (24 de mayo de 2005). *El género en las ciencias sociales*. Universidad de A Coruña.

Conde, F. (2009). *Análisis sociológico del sistema de discursos*. Madrid: Centro de Investigaciones.

Cubillos, S. e Monreal, A. (2019). La doble jornada de trabajo y el concepto de doble presencia. *Gaceta de Psiquiatría Universitaria* 15 (1).

Daros, W. (2014). La mujer posmoderna y el machismo. Franciscanum. *Revista de las ciencias del espíritu*, LVI(162), 107-129.

De Gabriel, N. (2012). El proceso de alfabetización en Galicia: un intento de explicación y comprensión. *Evsal Revistas*, 23, 289-313.

Del Río Otero, C. (2003). *¿Existe discriminación de xénero no mercado de traballo?*, en Xosé H. Vázquez-Vicente (ed.), Vigo, Economía e Sociedade, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 307-332.

Díaz, N. (2014). Mujer y educación. *Boletín de la sociedad de amigos de la cultura de Vélez-Málaga*, 13. 11-14.

Docampo, M. (2003). *A construción social do territorio galego*. Santa Comba (A Coruña), TresCtres Editores.

Eisenstein, Z. (1979). Developing a theory of capitalist patriarchy and socialist feminism. En Z. Eisenstein (Ed.), *Capitalist patriarchy and the case for socialist feminism* (pp. 5-40). Nueva York: Monthly Review Press

Ferreiro, M.P. (2015). *La revolución laboral de las mujeres: luces y sombras*. Trabajo fin de máster. Universitat Jaume I.

Fernández, M. e Peón, D. (2017): Desafíos dunha sociedade avellentada e en declive: desequilibrios territoriais e prestación de servizos. *Foro Económico de Galicia*. Documento 20/2017.

Foucault, M. (1999). *Estrategias de poder*. Obras esenciales (vol. 2). Barcelona: Paidós.

Fraile González, E.A. (2008). *La educación en la familia del medio rural: igualdad de oportunidades*. Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca.

Friedan, B. (2009/1963). *La mística de la feminidad*. Madrid: Cátedra.

Gáinza, A. (2006). *La entrevista en profundidad individual*. En Canales, M., Metodologías de Investigación Social (219-263), Santiago: LOM Ediciones.

Garazi, D. (2016). Las inestables fronteras entre el trabajo “productivo” y “reproductivo”. Reflexiones a partir del trabajo en el sector hotelero. *Revistas Científicas Argentinas* 29. Santiago del Estero, Argentina.

García, M.C (1991) *La palabra de las mujeres. Una propuesta didáctica para hacer*



- historia, 1931-1900*. Madrid: Editorial Popular.
- Gradaílle, R. (2004). *Educación e socialización da muller na Galicia rural*. O Castro, Sada: Edicións do Castro.
- Grosso, B. (2000). La trayectoria del movimiento obrero en Europa occidental, en el siglo XIX. *Revista Trabajo y sociedad*, 3 (II). Universidad de Santiago de Estero, Argentina.
- Guisán, M.C. (2000). *Educación, emprego e poboación de Galicia*. Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Universidade de Santiago de Compostela.
- Harding, S. (1986/1996). *Ciencia y feminismo*. Madrid: Morata.
- Hernández, R., Fernández, C. e Baptista, M.P. (2010). *Metodología de la investigación*. (5a ed.) México: McGraw-Hill/Interamericana.
- Hernández, J. (2014). *Los viejos en los hogares gallegos: cambios recientes*. XIV congreso nacional de población, AGE. Universidad de Santiago de Compostela.
- Hewitson, G. (1999). *Feminist Economics. Interrogating the Masculinity of Rational Economic Man*. Edward Elgar.
- Hirata, H. e Kergoat, D. (1997). *La división sexual de trabajo. Permanencia y cambio*. Argentina: Asociación Trabajo y Sociedad.
- Instituto Nacional de Estadística (2020). Encuesta de Población Activa. Recuperado de: <https://ine.es/dynt3/inebase/es/index.htm?padre=990&capsel=992>
- Kendel, E. (2006). *División sexual de trabajo. Ayer y hoy. Una aproximación al tema*. Buenos Aires: Editorial Dunken.
- Kessler-Harris, A. (1981) *Women have always worked: An Historical Overview*. Nueva York: Feminist Press.
- Labrada, L. (1971) *Descripción económica del reino de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia.
- Larragaña, I., Arregi, B. y Arpal, J. (2004). El trabajo reproductivo o doméstico. *La Gaceta sanitaria*, 18(1), pp. [31-37].
- Lener, G. (1986/1990). *La creación del patriarcado*. Barcelona: Editorial Crítica S.A.
- López, J. J. (1992). La jubilación: opción o imposición social. *Revista Española de Investigaciones Sociológicas* 60, pp. [91-126]. Doi: <https://doi.org/10.2307/40183682>
- Lopez, E. (2019) The agricultural and agri-food sector in Galicia; assessment of changes from European integration, 1986-2016. *Revista Galega de Economía*, 28 (3), 1-20. Doi: <https://doi.org/10.15304/rge.28.3.6168>

Marx, K. (1992), *Introducción a la crítica de la economía política*. Buenos Aires, Almagesto.

Medina, M. (2014). El papel de las trabajadoras durante la industrialización europea del Siglo XIX. Construcciones discursivas del movimiento obrero en torno al sujeto “mujeres”. *Fórum de Recerca*, 19, [149-163]. doi: <http://dx.doi.org/10.6035/ForumRecerca.2014.19.11>

Moreno, N.; Moncada, S.; Llorens, C.; Carrasquer, P. (2011) Doble presencia, trabajo asalariado y trabajo doméstico familiar: espacios sociales y tiempos. *Documento basado en artículo publicado en New Solutions (2010) 20 (4)*.

Ministerio de Agricultura, alimentación y medioambiente (2013). *Medio rural: trabajando en femenino*. Recuperado de: [https://www.mapa.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/igualdad\\_genero\\_y\\_des\\_sostenible/MR%20trabajando%20en%20femenino\\_digital\\_tcm30-131214.pdf](https://www.mapa.gob.es/es/desarrollo-rural/temas/igualdad_genero_y_des_sostenible/MR%20trabajando%20en%20femenino_digital_tcm30-131214.pdf)

Millan, G; Del Pilar, M y Perez, L. Mº. (2015) Análisis del mercado laboral femenino en España: evolución y factores socioeconómicos determinantes del empleo. *Papeles de población 21 (84)*.

Muragán, B. (2020). Género. Eunomía. *Revista en Cultura de la Legalidad*, 18, 199-213.

Nuño, L. (2010) *El mito del varón sustentador. Orígenes y consecuencias de la división sexual del trabajo*. Barcelona: Icaria.

Oakley, A. (1974). *The Sociology of Housework*. Great Britain: The Pitman Press, Bath.

Osborne, R. y Molina, C. (2008). Evolución del concepto de género. *EMPIRIA. Revista de Metodología de las Ciencias Sociales*, (15), [147-182]. Recuperado de: <https://www.redalyc.org/articulo.oa?id=297124045007>

Perez Orozco, A. (2005). Economía del género y economía feminista. ¿Conciliación o ruptura?. *Revista Venezolana de Estudios de la Mujer*. 10 (24). [43-63]. Recuperado de: [https://www.usfx.bo/nueva/vicerrectorado/citas/ECONOMICAS\\_6/Economia/64%20a%20perez%20orozco.pdf](https://www.usfx.bo/nueva/vicerrectorado/citas/ECONOMICAS_6/Economia/64%20a%20perez%20orozco.pdf)

Picchio, A. (1992). *Social reproduction: the political economy of the labour market*. Reino Unido: Cambridge University Press.

Picchio, A. (2005). La economía política y la investigación sobre las condiciones de vida. En G. Cairó i Céspedes y M. Mayordomo (Comps.), *Por una economía sobre la vida. Aportaciones desde un enfoque feminista* (pp. 17-34).. Barcelona: Icaria.

Recaño, J. e Chacón A. (2021). Una geografía regional de los tipos de hogares en la Europa de la Segunda Transición Demográfica. *Revista Electrónica de Geografía y ciencias sociales* 25(1), 195-237. Universitat de Barcelona.

Rodríguez-Brioso, M. (2002). La gran transformación de la familia española durante la segunda mitad del siglo XX. *Revista Española de Investigaciones Sociológicas* 100 (02), 103-165.

Rial, S. M. (2009). Trabajo femenino y economía de subsistencia: el ejemplo de la Galicia moderna. *Manuscrits: Revista d'història moderna*, 27, 77-99.

Rial, S.M. (2003). Las mujeres, el trabajo y la familia en la Galicia moderna. *Revistas de la Universidad de Santiago de Compostela*, 12, 168-221.

Seijas, M<sup>a</sup> O. (1989). *Viudas de vivos*. A Coruña: Ediciós do Catro.

Smith, A. (1776/1996). *Investigación sobre la naturaleza y las causas de la riqueza de las naciones*. Madrid: Alianza Editorial.

Torns T, Carrasquer P, Borrás V. (2000-2002) El estudio de la doble presencia: una apuesta para la conciliación de la vida laboral y familiar. *Proyecto I+D+I Exp. n° 37/00* Barcelona.

Vallés, M. (1999). *Técnicas cualitativas de investigación social*. Madrid, España: Editorial Síntesis.

Vásquez, V., Cárcamo, N., & Hernández, N. (2012). Entre el cargo, la maternidad y la doble jornada. Presidentas municipales de Oaxaca. *Perfiles Latinoamericanos*, 39, 31-57.

## 9. Anexos.

### Anexo 1: Metodoloxía ideal.

Ó decidir estudar dous contextos sociais, económicos e políticos tan diferentes como a década dos 70 e a actualidade, resulta canto menos interesante observar os posibles cambios que puideron producirse entre estes dous espazos temporais. Dita investigación estará baseada nas diferentes percepcións e experiencias que as traballadoras teñan sobre os distintos temas que se deben abordar, por iso, se empregará unha metodoloxía cualitativa. Esta, verase reforzada por unha metodoloxía cuantitativa baseada na busca de datos secundarios e na realización de unha enquisa de medición do tempo.

En primeiro lugar, pártese de unha metodoloxía cuantitativa. De maneira mais concreta, realizaranse unha serie de enquisas que se sustenta nunha mostra representativa do concello de Santiso. Esta técnica permitiranos aportar á investigación datos actualizados da medición do tempo produtivo e reprodutivo dentro da unidade familiar, ademais da opinión das enquisadas e enquisados en relación ós máis relevantes da investigación. Para o deseño mostral, extráense datos da poboación residente no concello de Santiso a 2019, de 16 e mais anos. Estes datos obtéñense mediante a consulta no INE do padrón de habitantes.

A enquisa aplicaríase a poboación residente en Santiso de 16 e mais anos. Isto implicaría que  $N=1.485$  persoas, de acordo os datos do IGE en 2020. Realizaríase un deseño dunha mostraxe aleatoria estratificada tomando como estratos oito rangos de idade, a saber: de 16 a 27 anos, de 28 a 37 anos, de 38 a 47 anos, de 48 a 57 anos, de 58 a 67 anos, de 68 a 77 anos, de 78 a 87 anos, de 88 a mais anos. Así mesmo, esta estratificación debe manter a proporcionalidade entre as diversas idades. O número de enquisas a realizar para a obtención de unha mostra representativa da poboación, tendo en conta que  $p=q=0,5$ , con unha marxe de erro do 5% e un nivel de confianza do 95%, a mostra consta dun total de 306 casos.

En canto ó deseño da enquisa<sup>22</sup>, obsérvanse catro bloques temáticos: actitude cara a familia e roles de xénero, reparto de tarefas no fogar, conciliación traballo-vida/ persoal-familiar e os datos socio-demográficos dos enquisados. O cuestionario consta de preguntas cerradas e algunha aberta. O principal obxectivo de empregar este último tipo de preguntas reside en que, desta maneira a persoa enquisada é mais exacta á hora das súas respostas en relación, por exemplo, á medición do tempo.

Por outro lado, mediante a realización de entrevistas semi-estruturadas, en profundidade, tratarase de obter unha serie de conclusións que contrasten as hipóteses e tenten darlle resposta aos obxectivos plantexados. Debido ás características da poboación de estudo,

---

<sup>22</sup>Ver Anexo III. Esta enquisa está baseada no cuestionario realizado polo CIS no estudo 2942. Familia e xénero (II)

propúxose nun primeiro momento a realización de 14 entrevistas (coa posibilidade de aumentar o volume se as circunstancias o permitían). Destas, 7 estarían dirixidas a persoas da década dos 70, mentres que as outras 7 atoparíanse orientadas cara mulleres rurais do ano 2020. Desta maneira, xurdiu a matriz de categorías inicial.

As entrevistas en profundidade serán realizadas coa existencia de un guión prediseñado<sup>23</sup>, o cal pode ser modificado no desenvolvemento da entrevista debido ás diferentes cuestións imprevistas que poden xurdir. Preténdese conseguir así respostas ricas en base á explicación persoal e a experiencia das entrevistadas en canto á evolución da súa vida, a educación ou o traballo. Precisamente, a utilización desta técnica explícase pola necesidade de aproveitarse dos relatos persoais das mulleres rurais para comprender o porqué da dobre xornada laboral.

En definitiva, coa unión de ambas metodoloxías conseguiríase: por un lado e grazas á metodoloxía cualitativa: profundidade, riqueza no discurso, maior detalle, e unha mellor contextualización do ambiente estudado; por outra banda, coa metodoloxía cuantitativa dáse a oportunidade de xerar datos actualizados que foron imposibles atopar para a investigación, ademais de que deste xeito, se podería comparar de forma máis eficiente cos estudos que existen actualmente.

---

<sup>23</sup> Ver Anexo II.

## **Anexo II. Guión da entrevista.**

P.1. De onde é vostede?

P.2. En que ano naceu?

P.3. Actualmente, está traballando, parada, xubilada...?

### **BLOQUE FAMILIA NA INFANCIA**

P.4. Onde naceu? Como era a súa casa? Cantos persoas vivían nela?

P.5. Tiña irmáns?

### **BLOQUE EDUCACIÓN NA INFANCIA**

P.6. Cal é o seu nivel de estudos?

P.7. Foi a escola? Como aprendeu o que sabe?

P.8. Sabe dicirme que ensinaban na escola?

P.9 Cando deixou de ir a escola? Cales foron os motivos?

### **BLOQUE TRABALLO NA INFANCIA**

P.10. Na súa casa, cando vostede era pequena, que traballos se facían? De que vivía a súa familia?

P.10. Explíqueme que facía durante un día normal. Tiña que traballar? Que facían seus irmáns?

P.11. Estaba a rapazada obrigada a traballar? Porque?

P.12. Había diferenzas entre o traballo que realizaban as nenas e os nenos?

P.13. Quen facía as tarefas do fogar na súa casa cando vostede era pequena?

### **BLOQUE FAMILIA NA ADULTEZ.**

P.14. Vostede casouse? Tivo fillos?

P.15. Nalgún momento da súa vida se cambiou de casa ou de lugar de residencia? Porque?

P.16. Cree que o feito de casar era algo importante na vida da muller? Que cambios lle supuxo a vostede facelo?

P.17. En cantos os fillos... cantos tivo? Con que idade os tivo?

### **BLOQUE TRABALLO NA ADULTEZ.**

P.18. Xusto antes de casar, traballaba? En que?

P.19. Despois de casar, seguía realizando o mesmo traballo no mesmo lugar ou sufriu algún cambio?

P.20. Mentres estaba embarazada, tiña que traballar? De ser así, que tipo de traballo realizaba?

P.21. Despois de dar a luz, tiña algún día de descanso?

P.22. Mentres os nenos eran pequenos, como era a división do traballo? Que tipo de traballo facía o home? E a muller?

P.23. E en canto o coidado dos fillos e as tarefas da casa, que as facía? Que había que facer?

P.24. Actualmente, que tipo de traballo fai o seu home?

P.25. E no caso do traballo do fogar.. Quen fai esas tarefas?

#### BLOQUE EDUCACIÓN NA ADULTEZ.

P.26. En canto a educación dos seus fillos... foron a escola? Ata que idade?

P.27. Que lle ensinaban os seus fillos no colexio?

P.28. E en canto as tarefas do fogar... ensinoulle vostede ou o seu marido ós seus fillos a facer algunha tarefa no fogar? Que lle ensinou?

P.29. Cree que educou do mesmo xeito ós seus fillos, ou cree que o fixo distinto dependendo do se xénero?

#### BLOQUE DE OPINIÓN.

P.30. Pensa que a xente valora o traballo que conleva facer as tarefas do fogar e coidar ós nenos e maiores da casa?

P.31. Quen pensa que debe traballar fora da casa para gañar un soldo?

P.32. E quen pensa que debe facer as tarefas do fogar?

P.33. En canto ó traballo que se fai fora da casa, e pensando en todo o que viviu vostede, pode explicarme cal era o traballo que facían as mulleres e os homes da Galicia rural? Que actividades tiñan cada un? Había diferenza no traballo?

P.34. Cree que unha muller e un home poden facer o mesmo traballo?

P.35. Considera que a situación da muller cambiou en relación o mercado laboral? En que sentido?

P.36. Cree que a educación cambiou a forma de pensar das novas xeracións en torno a quen debe facer o traballo da casa e de coidado?

### Anexo III. Cuestionario.

FICHA TÉCNICA DAS ENQUISAS						
Lugar						
Hora						
Entrevistador						
Nº de identificación da persoa entrevistada						
<p>Bos días/tardes. Son Laura Diéguez, estudante de 4º curso de Socioloxía. Estou realizando unha enquisa sobre o traballo das mulleres no rural do concello de Santiso. Fuches seleccionada/o ó azar mediante métodos aleatorios. Garantízolle o mais absoluto anonimato das súas respostas, cumprindo de ese xeito as Leis sobre segredo estadístico e protección de datos persoais. Esta enquisa so será utilizada para realizar un traballo de fin de grado.</p>						
<p>P.1. Para comezar, podería decirme si estas moi de acordo, de acordo, en desacordo ou moi en desacordo con cada unha das seguintes frases:</p>						
	Moi de ac.	De ac.	En desac.	Moi en desac.	NS	NC
- Unha nai que traballa pode ter cos seus fillos unha relación tan boa como unha nai que non traballa e os está con eles todo o día.	1	2	3	4	8	9
- É probable que un a neno pequeno (menor de 6 anos) lle perxudique que súa nai traballe e non pase todo o día con el.	1.	2.	3.	4.	8.	9
- Ben pensado, cando a muller ten un traballo de xornada Completa, a vida familiar resístese.	1.	2.	3.	4.	8.	9
- Traballar está ben, pero o que a maioría das mulleres realmente queren é crear un fogar e ter fillos.	1.	2	3.	4	8.	9
- Ser ama de casa é tan gratificante como traballar por un soldo.	1.	2.	3.	4.	8.	9.
<p>P.2. E estás, moi de acordo, de acordo, en desacordo ou moi en desacordo con estas frases?</p>						
	Moi de ac.	De ac.	En desac.	Moi en desac.	NS	NC
- Tanto o home como a muller deberían contribuir ós ingresos familiares.	1	2	3	4	8	9
- O deber de un home é gañar diñeiro, o deber de unha muller é coidar a súa casa e a súa familia.	1.	2.	3.	4.	8.	9
<p>P.3. Agora gustaríame que me dixeras se crees que as mulleres deberían traballar fora da casa a xornada laboral completa, traballar a tempo parcial ou cree que non debería traballar, nas seguintes circunstancias:</p>						
	Xornada lab. Comple	Media xornada	Non debia traba.	NS	NC	
- Cando algún fillo/a non ten idade para ir a escola	1	2	3.	8.	9	
- Despois de que o fillo máis pequeno empezara a escola	1.	2.	3.	8.	9	



P.4. Os fillos crecen en diferentes tipos de familia, estás moi de acordo, de acordo, en desacordo ou moi en desacordo con cada unha das seguintes frases?

	Moi de ac.	De ac.	En desac.	Moi en desac.	NS
NC					
- Un solo pai (ou nai) pode criar a un fillo igual de ben que unha parexa de un home e unha muller. 9	1	2	3	4	8
- Unha parexa de dúas mulleres pode criar a un fillo ben que unha parexa de un home e unha muller. 9	1.	2.	3.	4.	8.
- Unha parexa de dous homes pode criar a un fillo ben que unha parexa de un home e unha muller. 9	1.	2.	3.	4.	8.

P. 5. En xeral, cal é a súa opinión sobre o número idea de fillos en unha familia?

Nº ideal de fillos: \_\_\_\_\_

P.6. Estás moi de acordo, de acordo, en desacordo, ou moi en desacordo cas seguintes afirmacións:

	Moi de ac.	De ac.	En desac.	Moi en desac.	NS	NC
- Ver crecer ós fillos é un dos maiores praceres da vida	1	2	3	4	8	9
- Ter fillos limita demasiado a liberdade dos pais	1.	2.	3.	4.	8.	9
- Os fillos supoñen unha carga económica para os pais.	1.	2.	3.	4.	8.	9
- Ter fillos reduce as oportunidades de traballo e progresión profesional de un dos dous pais ou de ambos.	1.	2.	3.	4.	8.	9
- Os fillos adultos son importantes para a axuda ós Pais anciáns.	1.	2.	3.	4.	8.	9

P.7. Pense nunha parella na que ambas persoas traballar a xornada completa e teñen un neno recién nacido. Unha de elas deixa de traballar por un tempo para coidar dese fillo. Se ambos tiveran unhas condicións e traballo similares e os dous poden ter unha baixa remunerada, como debería dividirse o período de baixa entre a nai e o pai?.

- A nai debería coller todo o período de baixa e pai non debería coller nada .....	1
- A nai debería de coller a maior parte do período e o pai solo unha parte .....	2
- A nai e o pai deberían coller a metade do período cada un.....	3
- O pai debería de coller a maior parte do período e a nai solo unha parte .....	4
- O pai debería coller todo o período de baixa a nai non debería coller nada .....	5
-N.S.....	8
-N.C.....	9

P.8. Pense agora en unha familia cun fillo en idade de ir a escola (entre 3 e 6 anos). Cal das seguintes é, na súa opción, a mellor forma de organizar a súa vida familiar e laboral?

- Que a nai se quede na casa e o pai traballe xornada completa.....	1
- Que a nai traballe a tempo parcial e o pai traballe a xornada completa.....	2
- Que ambos, a nai e o pai, traballen a xornada completa.....	3
- Que ambos, a nai e o pai, traballen a xornada parcial.....	4
- Que o pai traballe a xornada parcial e a nai a xornada completa.....	5
- Que o pai traballe a xornada parcial e a nai a xornada completa.....	6
-N.S.....	8
-N.C.....	9

P.9. A xente ten ideas diferentes sobre o coidado dos fillos pequenos. Quen crees que debería proporcionar o coidado deses nenos?

- A familia .....1
- Centros públicos (gardarías, escolas infantís, etc).....2
- Gardarías privadas.....3
- A empresa na que traballen os pais/nais.....4
- N.S.....8
- N.C.....9

P.10. Pensando nas persoas maiores que necesita algún tipo de axuda na súa vida diaria (facer a compra, limpar a casa, lavar a roupa, etc. ) Quen crees que debería proporcionar esa axuda?

- A familia .....1
- Centros públicos .....2
- Residencias.....3
- N.S.....8
- N.C.....9

P.11. Pensando agora na súa propia situación, aproximadamente, cantas horas á semana dedica vostede, persoalmente, ás tarefas domésticas e o coidado de maiores e pequenos?

- Actividades culinarias \_\_\_\_\_
- Mantemento do fogar \_\_\_\_\_
- Confección e coidado da roupa \_\_\_\_\_
- Xardinería e coidado dos animais domésticos \_\_\_\_\_
- Contrucción e reparacións \_\_\_\_\_
- Compras e servizos \_\_\_\_\_
- Xestións do fogar \_\_\_\_\_
- Coidado de nenos \_\_\_\_\_
- Coidado de anciáns ou outra xente que precise axuda \_\_\_\_\_

P.12. Pense agora en unha familia cun fillo en idade de ir a escola (entre 3 e 6 anos). Cal das seguintes é, na súa opción, a mellor forma de organizar a súa vida familiar e laboral?

- Que a nai se quede na casa e o pai traballe xornada completa.....1
- Que a nai traballe a tempo parcial e o pai traballe a xornada completa.....2
- Que ambos, a nai e o pai, traballen a xornada completa.....3
- Que ambos, a nai e o pai, traballen a xornada parcial.....4
- Que o pai traballe a xornada parcial e a nai a xornada completa.....5
- Que o pai traballe a xornada parcial e a nai a xornada completa.....6
- N.S.....8
- N.C.....9

P.13. En cal das seguintes situación te encontras na actualidade?

- Está casado/a ou ten parexa e viven na mesma vivenda.....1 -> pasar a P.14
- Esta casado ou ten parexa pero non viven na mesma vivenda .....2 -> pasar a P.20
- N.C.....9

P.14. Canto tempo leva vostede e a súa parexa vivindo xuntos?

- Nº de anos \_\_\_\_\_
- N.C. ....9

P.15. Aproximadamente, cantas horas á semana dedica a súa parexa as actividades domésticas?

Actividades culinarias \_\_\_\_\_  
Mantemento do fogar \_\_\_\_\_  
Confección e coidado da roupa \_\_\_\_\_  
Xardinería e coidado dos animais domésticos \_\_\_\_\_  
Contrucción e reparacións \_\_\_\_\_  
Compras e servizos \_\_\_\_\_  
Xestións do fogar \_\_\_\_\_  
Coidado de nenos \_\_\_\_\_  
Coidado de ancians ou outra xente que precise axuda \_\_\_\_\_

P.16. Se nos centramos no tipo de tarefa que se poden facer dentro do fogar, indicame quen se fai cargo das seguintes tarefas no seu fogar:

1. Sempre ti.
2. Habitualmente ti.
3. Ambos por igual.
4. Habitualmente o seu marido/muller.
5. Sempre o seu marido/muller.
6. Faino outra persoa.

	1	2	3	4	5	6	NC
- Facer a colada	1	2	3	4	5	6	9
-Facer pequenas reparacións na casa	1	2	3	4	5	6	9
- Coidar dos membros da familia que están enfermos	1	2	3	4	5	6	9
- Limpar	1	2	3	4	5	6	9
- Lavar a louza	1	2	3	4	5	6	9
-Prepara a comida	1	2	3	4	5	6	9
- Facer a compra	1	2	3	4	5	6	9

P.17. Cal das seguintes frases describe mellor a forma en que se reparten as tarefas domésticas na túa familia?

- Ti fas moito máis do que che corresponde.....1
- Ti fas algo máis do que che corresponde.....2
- Ti fas máis ou menos o que che corresponde.....3
- Ti fas algo menos do que che corresponde.....4
- Ti fas moito menos do que che corresponde.....5
- N.C.....9

P.18. Consideras que o traballo que se fai no fogar está valorado?

Si.....1  
Non.....2  
N.C.....9

P.19. Consideras que o traballo que se fai no fogar debería estar pagado de algunha forma

Si.....1  
Non.....2  
N.C.....9

P. 20. Con que frecuencia experimentaches durante os últimos meses algunha das situacións que che explico a Continuación?

1. Varias veces a semana.
2. Varias veces ó mes.
3. Unha ou dúas veces nos últimos meses.
4. Nunca.
7. Non procede (non traballas/non tes responsabilidades familiares)

	1	2	3	4.	Non procede	NC
- Volveu do seu traballo demasiado cansado/a para facer as tarefas do fogar.	1	2	3	4.	7	9
- Resultoulle difícil cumprir coas súas responsabilidades familiares debido ó tempo que dedicara ao seu traballo (remunerado).	1	2	3	4.	7	9
- Tivo dificultades para concentrarse no seu traballo, debido ás súas responsabilidades familiares.	1	2	3	4.	7	9

Agora pasaremos a outro tipo de preguntas, relacionando o traballo cos fillos.

P. 21. Tiveches fillos?

- Si.....1  
 Non.....2 -> pasar a P. 22  
 N.C.....9

P.21a. ¿Cantos?

N.C....9

P.21b. Traballaches fora da casa a xornada completa, a tempo parcial ou non traballaches nas seguintes situacións?

	Xornada Completa	Tempo parcial	Non traballei	NC
- Cando algún dos fillos tiña menos de 6 anos	1	2	3	9
- Despois de que o seu fillo empezara a ir a escola	1	2	3	9

P.21c. E o seu marido/muller naquel momento (ao agora si falamos do presente) traballaba (ou traballa) fora da casa a xornada completa, a tempo parcial ou non traballa?

	Xornada Completa	Tempo parcial	Non traballei	NC
- Cando algún dos fillos tiña menos de 6 anos	1	2	3	9
- Despois de que o seu fillo empezara a ir a escola	1	2	3	9

P.22 En cal das seguintes situacións te encontras actualmente?

- |                                      |                 |
|--------------------------------------|-----------------|
| - Traballo de forma remunerada.....1 | } Pasar a P. 24 |
| - Xubilado ou pensionista.....2      |                 |
| - Parado .....3                      |                 |
| - Estudante.....4                    |                 |
| - N.C.....9                          |                 |

P.23. Aproximadamente, cantas horas traballa remunerádemete a semana, incluíndo horas extra?

Horas: \_\_\_\_\_  
N.C.....9

P.24. Aproximadamente, cantas horas traballa remunerádemete a súa parexa á semana, incluíndo horas extra?

Horas: \_\_\_\_\_  
N.C.....9

P.25. Sexo:

- Muller.....1
- Home.....2
- Outro.....3
- N.C.....9

P.26. en que ano naciches? Ano: \_\_\_\_\_

P.27. Fuches a escola ou cursaches algún tipo de estudos?

- Si.....1
- No.....2 (preguntar se sabe ler ou escribir)
- N.C.....9

P.28. Cales son os estudos de máis alto nivel oficial que cursaches? Por favor, especifica o máximo posible, decíndome o nome do último curso que cursou. (ej: 3 anos de estudos de primaria, 4º de EGB, Licenciatura, FP, etc.)

Curso \_\_\_\_\_  
Nome dos estudos \_\_\_\_\_

P.29. Cantos anos estiveches escolarizado/a dedicandolle unha xornada completa a facelo?

Anos: \_\_\_\_\_

P.29. Cantas persoas viven no seu fogar?

Nº de persoas: \_\_\_\_\_  
N.C.....9

P.30. Poderías decirme, empezando pola persoa de máis idade: o sexo, a idade e que relación de parentesco ten contigo cada unha desas persoas?

1. A súa parexa.
2. O seu Pai/Nai
3. O seu fillo.
4. Seu irmán/irmá.
5. Outra relación de parentesco (tios, cuñados, sobriños, netos, etc.)
6. Sin relación de parentesco.

	Home	Muller	Idade	Relación de parentesco
- 1º.....	1	2	_____	1. 2. 3. 4. 5. 6. 9
- 2º.....	1	2	_____	1. 2. 3. 4. 5. 6. 9
- 3º.....	1	2	_____	1. 2. 3. 4. 5. 6. 9
- 5º.....	1	2	_____	1. 2. 3. 4. 5. 6. 9
- 6º.....	1	2	_____	1. 2. 3. 4. 5. 6. 9
- 7º.....	1	2	_____	1. 2. 3. 4. 5. 6. 9
- 8º.....	1	2	_____	1. 2. 3. 4. 5. 6. 9